ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 3 DE XANEIRO DE 2011-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:15 horas do día 3 de xaneiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as:

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Angel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D.ª Carmen Diéguez González

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria acctal: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 13/12/2010.**
2. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
3. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 13/12/2010.

Dada conta do borrador da acta da sesión correspondente á ordinaria celebrada o día trece de decembro de dous mil dez, non se produce ningunha intervención polo que queda aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta da proposta da alcaldía de data 03.01.2010, pola que se propón solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a reparación das instalacións situadas sobre os falsos túneles da AG 59, que seguidamente se transcribe:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O proxecto da Autovía AG-59 ao seu paso polo Concello de Teo contemplou a construción de dous falsos túneles nas zonas de Castres e A Torre, ambas na parroquia de Cacheiras. A superficie exterior deses falsos túneles foi utilizada para a instalación de canchas deportivas e áreas de xogo que incrementaban notoriamente a dotación de servizos para os veciños da zona.

Sen embargo, estas zonas deportivas dependentes na actualidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, viven dende o remate das obras unha alarmante situación de abandono. Carentes do mantemento necesario, sen competencia municipal para poder actuar sobre elas, a súa degradación empeza incluso a facer perigoso o seu uso.

Diante desta insostible situación, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1. *Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas unha urxente actuación para reparar as instalacións deportivas e de xogos situadas sobre os falsos túneles da AG 59 nos lugares de Castres e A Torre, co obxecto de posibilitar o seu uso e de evitar os perigos que supón a súa alarmante degradación.*
2. *Trasladar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a dispoñibilidade do Concello de Teo para, unha vez reparadas e subsanadas as deficiencias das instalacións, asumir o seu mantemento e conservación trala súa cesión ou entrega por parte da Consellería.*

Teo, a 3 de xaneiro de 2011

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1. **Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas unha urxente actuación para reparar as instalacións**

deportivas e de xogos situadas sobre os falsos túneles da AG 59 nos lugares de Castres e A Torre, co obxecto de posibilitar o seu uso e de evitar os perigos que supón a súa alarmante degradación.

2. **Trasladar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a dispoñibilidade do Concello de Teo para, unha vez reparadas e subsanadas as deficiencias das instalacións, asumir o seu mantemento e conservación trala súa cesión ou entrega por parte da Consellería.**

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

O alcalde A secretaria acctal

Martiño Noriega Sánchez Mª Pilar Sueiro Castro

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 17 DE XANEIRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 17 de xaneiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Interventora: D.ª Monica I. Lado Varela

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 27/12/2010 E DO 03/01/11.**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS.**
3. **APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CULTURAIS E XUVENÍS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.**
4. **APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.**
5. **DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO EN FAVOR DA EMPRESA VEIGA DE GRIOY, S.L.**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
7. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 27/12/2010 E DO 03/01/11.

Acta da sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2010

O Sr. Alcalde pregúntalle aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 27/12/2010.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 3 de xaneiro de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 03/01/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. MERCEDES CASTRO PARAJÓ, licenza de legalización da edificación existente no lugar de Paraxó, nº 3, parroquia de Luou, para as obras contidas no proxecto "Expediente de legalización de edificación auxiliar destinada a cobertizo", presentado en data 08.11.2010, rex.

entrada nº 10.864, redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, segundo condicións da reposición da legalidade (expte. Rep. 17/10).

Expediente núm: 1/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-A obra executada deberá axustarse estrictamente ao proxecto de legalización presentado en data 08.11.2010, rex. entrada nº 10.864.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N2 EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA.
-Usos: EDIFICACIÓN AUXILIAR.
-Edificabilidade: 0,056 m^2/m^2.
-Altura máxima: 3,10 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 5.61 %. Recuamento á aliñación: Cumpre. Recuamento a lindeiros: Maior. Tipo de cuberta: De tella. Pendente máxima de cuberta: 6º.
-Presuposto: 10.615,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 212,30 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 272,30 euros.

2.2. A D. JOSÉ RAMÓN GARCÍA MENÉNDEZ, licenza para obras de embelecemento con pedra do pais dun muro de granito que ten diante da casa da súa propiedade, aproximadamente de 3 ml. para igualar en estética e deseño ao existente, no lugar de A Igrexa, nº 21, parroquia de Luou.
Expediente núm: 2/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-As obras serán as mínimas de conservación e mantemento do uso preexistente e baseadas no artigo 9.1.b) sobre conservación de terreos, construcións e intalacións da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas súas modificacións.
-Dará cumprimento das condicións da autorización de Patrimonio (Expt. 1212/10), resultando un muro “pacego”, con acabado triangulado ou piramidal como o existente.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM, respetando a tipoloxía do muro existente.
-Respetará as aliñacións oficiais do PXOM.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 93,33 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1,87 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 61,87 euros.

2.3. A Dª. JESUSA CASTRO NEIRA e D. MANUEL MATA IGLESIAS, licenza para segregación e simultánea agrupación de fincas lindantes para regularizar xeometricamente as propiedades, que presentan formas irregulares, en Lucí, de acordo co proxecto técnico redactado polo técnico Juan Carlos Vilariño Santos.
Expediente núm: 3/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, presentando a segregación e simultánea agrupación en unidade de acto de acordo co artigo 206

da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas súas modificacións vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE

TOMA DE COÑECEMENTO

2.4.- Dada conta do escrito asinado por Dª. María Margarita Ferreira Castiñeiras e por **Dª. MARÍA ALCIRA FERREIRA CASTIÑEIRAS**, de data 22/12/2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 12.184, do 28/12/2010, no que se solicita o cambio de titularidade da licenza urbanística nº 139/10, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/07/2010 a Dª. María Margarita Ferreira Castiñeiras, para construción dun local para a actividade de perruquería con apartamento en Aido, parcela nº 244 "Agro dos Calvos", parroquia de Luou, pasando a nome de Dª. MARÍA ALCIRA FERREIRA CASTIÑEIRAS; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10) acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do citado cambio de titularidade da licenza urbanística nº 139/10, pasando a nome de Dª. MARÍA ALCIRA FERREIRA CASTIÑEIRAS (expte. CT-1/2011), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

Segundo.- Dar traslado aos servicios técnicos para emisión de informe sobre a situación das obras e a posible caducidade da licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CULTURAIS E XUVENÍS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14/01/2011 que se recolle a continuación:

"*PROPOSTA DE ALCALDÍA*

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de carácter cultural e xuvenil, coa finalidade de promover a cultura, e mellorar as relacións sociais, entre os veciños e a mocidade do concello.

Considerando que ata agora, se viña realizando unha convocatoria conxunta de subvencions a entidades sen ánimo de lucro de toda índole (deportivas, culturais, veciñais…), pero que, por motivos de equidade na valoración deben presentarse de forma separada e con criterios diferentes xa que se trata de entidades de diversa natureza.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades culturais e xuvenís sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2010, que presenta a Sra. Concelleira de Cultura e Mocidade.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 13/01/2011.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades culturais e xuvenís sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2010.

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades culturais e xuvenís sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2010.

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

"BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES CULTURAIS E XUVENÍS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións culturais e xuvenís pola participación e/ou promoción cultural e xuvenil no ano 2010, con cargo á partida orzamentaria 330/480.00 por un importe total de 25.000 euros. Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da cultura, a promoción da práctica cultural, a dinamización cultural e xuvenil, a creación de escolas culturais no Concello de Teo tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

As entidades culturais e xuvenís sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións Culturais do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción cultural por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2010.

b) Gastos ocasionados pola organización de eventos culturais durante o ano 2010 dentro do territorio municipal.

4ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e a relación nominal de participantes con expresión de se están ou non empadroados no Concello de Teo -o que se comprobará de oficio polo Departamento de Cultura.

b) Copia cotexada do CIF.

c) Cartelería, notas de prensa e memoria das actividades culturais organizadas coas que concorre a esta subvención.

d) Memoria económica do ano 2010, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.

e) Memoria descritiva da actividade que se desenvolveu, con detalle de cada un dos gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo. Nesta memoria indicaranse os obxectivos que se pretendían acadar coa realización das actividades e os finalmente conseguidos.

f) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

g) Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

h) Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a súa contía.

i) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. Actividades culturais de carácter anual. Máximo 10 puntos.
   1. Escola de música e baile tradicional. 3 puntos
   2. Teatro. 3 puntos
   3. Coral / grupo de canto / grupo de música 3 puntos.
   4. Outras actividades para adultos. 1 punto.
2. Outras actividades de tempo libre de carácter anual (manualidades, costura, bordado, bolillos, etc.). Concederase un punto por actividade ata un máximo de 5 puntos.
3. Número de persoas participantes nas actividades culturais de carácter anual. Máximo 10 puntos.

Máis de 201	10 puntos.
Ata 200	9 puntos.
Ata 175	8 puntos.
Ata 150	7 puntos.
Ata 125	6 puntos.
Ata 100	5 puntos.
Ata 75	4 puntos.
Ata 50	3 puntos.
Ata 25	2 puntos.
Ata 15	1 puntos.

4. Persoas empadroadas no Concello de Teo participantes nas actividades de carácter anual. Máximo 5 puntos.

100%	5 puntos.
Máis do 85%	4 puntos.
Máis do 75%	3 puntos.
Máis do 50%	2 puntos.
Máis do 25%	1 puntos.

5. Gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias. Máximo 5 puntos.

Gastos de auga, luz e conservación da instalación	5 puntos.
Gastos de luz e conservación da instalación	4 puntos.
Gastos de conservación da instalación	3 puntos.

6. Participacións non lucrativas nin de intercambio en actos fóra do Concello de Teo. Concederase un punto por cada participación da asociación –estea representada por un ou por varios dos seus grupos- debidamente documentada. Máximo 5 puntos.

7. Organización de actividades culturais de carácter puntual (festivais, encontros, concursos...). Máximo 10 puntos. Valoraranse, como máximo, dúas actividades de cada ámbito.

Actividade de ámbito internacional	5 puntos.
Actividade de ámbito estatal	4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos.
Actividade de ámbito provincial	2 puntos.
Actividade de ámbito comarcal ou local	1 puntos.

8. Edición de libros, CD's ou DVD's. Concederanse 2 puntos por cada publicación que conte co correspondente depósito legal.

Non se valorarán comidas –en calquera das súas expresións-, excursións nin viaxes de tempo libre ou de lecer.

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Cultura, Deportes, Comunicación Social e Mocidade nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Cultura.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleira Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade que a presidirá, a Concelleira Delegada de Educación e Benestar, o normalizador lingüístico municipal e a animadora cultural municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades culturais que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria cuantificada das actividades realizadas, que deberán corresponder ó ano 2010, e ingresos obtidos.

As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2011. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2011. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma.

Non serán gastos subvencionables:
— Os xuros debedores de contas bancarias.
— Os xuros, recargos e sancións administrativas.
— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordeará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, ésta se verá reducida proporcionalmente.

No caso de entidades subvencionadas ás que se lle aboara anticipadamente ata un máximo do 30% da subvención, deberán ter debidamente xustificado o cobro do anticipo para poder percibir o importe restante da subvención, consonte ao establecido no presente artigo.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

O Departamento de Cultura do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

A CONCELLEIRA DE CULTURA

Carme Hermida Gulías.

MODELO DE SOLICITUDE ASOCIACIÓNS CULTURAIS
DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Entidade socilitante

Domicilio social

CIF Localidade

Teléfono Correo electrónico

Representante da entidade

DNI Teléfono Cargo que ocupa

DATOS CULTURAIS

Actividades culturais de carácter anual:

Escola de música e baile tradicional Teatro Coral / G.música / G.canto.
Outras actividades.

Outras actividades de tempo libre:

……. ……..
……..
……. ……..
……..

Número de participantes actividades anuais: Porcentaxe participantes locais:

Gastos instalacións:

Auga Luz Conservación da instalación

Organización de actividades

Internacional Estatal Autonómico Provincial Comarcal ou local

Participación actividades

……..
……
……
……
…….

Orzamento total do ano 2010: Subvención solicitada:

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:
Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria
Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
En ……. A ……. De …… 2011

Sinatura do representante.

4.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14/01/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de carácter deportivo do concello, coa finalidade de potenciar a práctica do deporte entre os veciños do noso termo municipal.

Considerando que ata agora, se viña realizando unha convocatoria conxunta de subvencions a entidades sen ánimo de lucro de toda índole (deportivas, culturais, veciñais…), pero que, por motivos de equidade na valoración deben presentarse de forma separada e con criterios diferentes xa que se trata de entidades de diversa natureza.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubs deportivos e deportistas federados sen ánimo de lucro polas actividades realizadas durante o ano 2010, que presenta a Sra.Concelleira de Deportes.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 13/01/2011.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubs deportivos e deportistas federados sen ánimo de lucro polas actividades realizadas durante o ano 2010

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións a entidades deportivas, clubs deportivos e deportistas federados sen ánimo de lucro polas actividades realizadas durante o ano 2010

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

"**BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBS DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010**

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por asociacións deportivas e clubs e deportistas federados pola participación e/ou promoción deportiva no ano 2010, con cargo á partida orzamentaria 340/480.00 por un importe total de 23.000 euros, dos que 3.000 euros se destinarán ás solicitudes formuladas por deportistas federados/as.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello de Teo tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas **de ocio alternativo.**

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

a) As entidades deportivas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións Deportivas do Concello de Teo.

b) Os clubs federados sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións Deportivas do Concello de Teo.

c) Os e as deportistas federados domiciliados no Concello de Teo con anterioridade á aprobación destas bases e que participen en competicións de ámbito provincial ou superior incluídas nos calendarios das respectivas federacións.

d) Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 nin as agrupacións deportivas de veteranos.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades de participación e/ou promoción deportiva por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparación menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2010.

b) Gastos ocasionados pola organización de eventos deportivos durante o ano 2010 dentro do territorio municipal.

4ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de anuncios do Concello.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

1) ENTIDADES E CLUBS

a) Documento asinado polo/a representante da entidade ou club facendo constar o número de fichas e de equipos federados (indicando a categoría de cada un e a relación nominal de xogadores e xogadoras con expresión de se están ou non domiciliados no Concello de Teo -o que se comprobará de oficio polo Departamento de Deportes.

b) Copia cotexada do CIF

c) Calendarios de competición no ano 2010.

d) Cartelería, notas de prensa e memoria das actividades deportivas organizadas coas que concorre a esta subvención.

2) DEPORTISTAS A TÍTULO INDIVIDUAL:

a) Copia cotexada da licenza federativa en vigor

b) Copia cotexada do DNI

c) Curriculum Vitae Deportivo

d) Certificacións federativas acreditativas da participación do/a solicitante nas competicións para as que se solicita a subvención e clasificación obtida.

3) DOCUMENTOS COMÚNS A TODOS OS E AS SOLICITANTES:

a) Memoria económica do ano 2010, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos e con indicación específica do persoal técnico dedicado ás categorías inferiores.

b) Memoria descritiva da actividade que se desenvolveu, con detalle de cada un dos gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo. Nesta memoria indicaranse os obxectivos que se pretendían acadar coa realización das actividades e os finalmente conseguidos.

c) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

d) Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
e) Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a súa contía.
f) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan**:**

1). CRITERIOS PARA ASOCIACIÓNS.

a) Número de fichas ou licenzas. Ata 10 puntos.

Máis de 201	10 puntos.
Ata 200	9 puntos.
Ata 175	8 puntos.
Ata 150	7 puntos.
Ata 125	6 puntos.
Ata 100	5 puntos.
Ata 75	4 puntos.
Ata 50	3 puntos.
Ata 25	2 puntos.
Ata 15	1 puntos.

b) Porcentaxe de fichas ou licenzas correspondentes a participantes locais. Ata 5 puntos.

100%	5 puntos.
Máis do 85%	4 puntos.
Máis do 75%	3 puntos.
Máis do 50%	2 puntos.
Máis do 25%	1 puntos.

c) Presenza social. Organización de actividades. Ata 5 puntos.

Actividade de ámbito internacional	5 puntos.
Actividade de ámbito estatal	4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico	3 puntos.
Actividade de ámbito provincial	2 puntos.
Actividade de ámbito comarcal ou local	1 puntos.

d) Presenza social. Participación en actividades. Ata 5 puntos.

Actividade de ámbito internacional	5 puntos.

Actividade de ámbito estatal 4 puntos.
Actividade de ámbito autonómico 3 puntos.
Actividade de ámbito provincial 2 puntos.
Actividade de ámbito comarcal ou local 1 puntos**.**

e) Utilización de instalacións. Ata 5 puntos.
Utilización habitual de instalacións non municipais 5 puntos.
Utilización puntual de instalacións municipais 3 puntos.
Utilización habitual de instalacións municipais 0 puntos.

f) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións propias. Ata 5 puntos.
Auga, luz e conservación da instalación 5 puntos.
Luz e conservación da instalación 4 puntos.
Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...) 3 puntos.
Luz 2 puntos.

No punto c) valorarase só a actividade de maior rango. No punto d) enténdese por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello.

2). CRITERIOS PARA CLUBS.

a) Número de fichas ou licenzas. Ata 10 puntos.
Máis de 201 10 puntos.
Ata 200 9 puntos.
Ata 175 8 puntos.
Ata 150 7 puntos.
Ata 125 6 puntos.
Ata 100 5 puntos.
Ata 75 4 puntos.
Ata 50 3 puntos.
Ata 25 2 puntos.
Ata 15 1 puntos.

b) Número de equipos federados. Ata 5 puntos.
Cinco máis equipos 5 puntos.
Catro equipos 4 puntos.
Tres equipos 3 puntos.
Dous equipos 2 puntos.
Un equipo 1 puntos**.**

c) Porcentaxe de fichas dos participantes locais. Ata 5 puntos.
100% 5 puntos.
Máis do 85% 4 puntos.
Máis do 75% 3 puntos.
Máis do 50% 2 puntos.
Máis do 25% 1 puntos.

d) Utilización de instalacións. Ata 5 puntos.
Utilización habitual de instalacións non municipais 5 puntos

Utilización habitual de instalación non municipais e puntual de instalacións municipais	3 puntos.
Utilización habitual de instalacións municipais	0 puntos.

e) Gastos derivados do coidado e mantemento de instalacións propias. Ata 5 puntos.

Auga, luz e conservación da instalación	5 puntos.
Luz e conservación da instalación	4 puntos.
Conservación da instalación (marcaxe, coidado da herba...)	3 puntos.
Luz	1 punto.

f) Categorías de base: prebenxamín-benxamín-alevín-infantil-cadete-xuvenil. Ata 5 puntos.

Cinco ou máis	5 puntos.
Catro	4 puntos.
Tres	3 puntos.
Dúas	2 puntos.
Unha	1 puntos.

g) Nivel de formadores dos técnicos formadores da base. Ata 5 puntos.

3 ou máis formadores con titulación superior	5 puntos.
3 ou máis formadores con titulación media	4 puntos.
3 ou máis formadores con cursos específicos	3 puntos.
Entre 1 e 3 formadores con titulación superior	2 puntos.

Entre 1 e 3 formadores con titulación media ou cursos específicos 1 puntos**.**

No punto d) enténdese por instalacións municipais aquelas de xestión directa polo Concello. No punto g) enténdese por titulación superior a específica universitaria ou o título de adestrador nacional; por titulación media, a correspondente a un ciclo formativo ou o título de adestrador rexional; os cursos específicos fan referencia ós de formación ou especialización de formadores ou adestradores de fútbol base.

Aqueles clubs ou asociacións que reciban unha subvención nominativa non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades.

3). DEPORTISTAS INDIVIDUAIS:

a) Máxima categoría na que competiu no ano 2010. Ata 5 puntos

Competicións internacionais	5 puntos.
Competicións estatais	4 puntos.
Competicións autonómicas	3 puntos.
Competicións provinciais	2 puntos.

b) Máximos resultados obtidos no ano 2010. Ata 5 puntos

Primeiro premio	5 puntos.
Segundo premio	4 puntos.
Terceiro premio	3 puntos.
Convocatoria co combinado estatal	2 puntos.
Convocatoria co combinado autonómico	1 puntos**.**

c) Participacións en competicións. Ata 5 puntos.

Competicións internacionais ou convocatorias co combinado estatal nos dous anos anteriores.	5 puntos.
Competicións estatais ou convocatorias co combinado autonómico nos dous anos anteriores	4 puntos.
Competicións autonómicas nos dous anos anteriores	3 puntos.
Competicións provinciais nos dous anos anteriores.	2 puntos.

Os puntos nos apartados a), b) e c) no son acumulables polo que só se terá en conta a competición ou o premio de maior superior.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade/deportista para a tempada obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O importe máximo da subvención a cada deportista individual non poderá superar os 500 euros.

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Cultura, Deportes, Comunicación Social e Mocidade nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o Departamento de Deportes.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade, disciplina deportiva e modalidade da subvención e/ou contía máxima á que opta

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleira Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade que a presidirá, a Concelleira Delegada de Educación e Benestar, o coordinador deportivo municipal e a animadora deportiva municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

Os clubs e deportistas subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados a colaborar co Concello naquelas actividades deportivas que organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. So se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministros, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na mesma, e a constancia expresa de "Cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria cuantificada das actividades realizadas, que deberán corresponder ó ano 2010, e ingresos obtidos.

As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2011. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2011. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma.

Non serán gastos subvencionables:
— Os xuros debedores de contas bancarias.
— Os xuros, recargos e sancións administrativas.
— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e), e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordeará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, ésta se verá reducida proporcionalmente.

No caso de entidades subvencionadas ás que se lle aboara anticipadamente ata un máximo do 30% da subvención, deberán ter debidamente xustificado o cobro do anticipo para poder percibir o importe restante da subvención, consonte ao establecido no artigo 11 destas bases.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

A Departamento de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

A CONCELLEIRA DE DEPORTES
Carme Hermida Gulías

MODELO DE SOLICITUDE ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS
DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Entidade solicitante

Domicilio social

CIF Localidade

Teléfono Correo electrónico

Representante da entidade

DNI Teléfono

Cargo que ocupa

DATOS DEPORTIVOS

Disciplina deportiva

Nº de fichas Porcentaxe participantes locais

Organización de actividades
Internacional Estatal Autonómico Provincial Comarcal ou local

Participación actividades
Internacional Estatal Autonómico Provincial Comarcal ou local

Instalacións:
Propias Municipais Minicipais puntualmente

Gastos instalacións:
Auga Luz Conservación da instalación:

Orzamento total do ano 2010:

Subvención solicitada:

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:
Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria
Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
En ……. A ……. De …… 2011

Sinatura do representante

MODELO DE SOLICITUDE CLUBS DEPORTIVOS
DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Entidade socilitante

Domicilio social

CIF Localidade

Teléfono Correo electrónico

Representante da entidade:

DNI: Teléfono

Cargo que ocupa:

DATOS DEPORTIVOS

Disciplina deportiva

Nº de fichas Nº de equipos federados

Porcentaxe participantes locais

Categorías de base: 5 ou + 4 3 2 1

Nivel dos formadores técnicos da base:

Titulación superior	3 ou +	Entre 1 e 3
Titulación media	3 ou +	Entre 1 e 3
Cursos específicos	3 ou +	Entre 1 e 3

Instalacións: Propias Municipais Municipais puntualmente

Gastos instalacións: Auga Luz Conservación da instalación

Orzamento total do ano 2010:

Subvención solicitada:

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:

Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.

O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria

Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

En ……. A ……. De …… 2011

Sinatura do representante

MODELO DE SOLICITUDE DEPORTISTAS
DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Nome e apelidos do socilitante:

Enderezo:

NIF: Localidade

Teléfono: Correo electrónico:

Representante legal (menores de idade)

NIF Teléfono

Relación: Pai/nai Titor/a Gardador/a de feito

DATOS DEPORTIVOS

Disciplina deportiva

Nº de ficha federativa

Categoría máxima na que participa: Internacional Estatal Autonómica Provincial

Máximo resultado obtido: 1º 2º 3º Convoc. Sel. estatal Convoc. Sel. Auton.

Participación en competicións:

Internac. /Combinado nacional Estat. / Combinado autonómico Autonómica Provincial

Orzamento total do ano 2010:

Subvención solicitada:

COMPROMISOS E SINATURA

Declaro que:
Acepto expresamente as bases da convocatoria de subvención.
O solicitante reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria
Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
En ……. A ……. De …… 2011

Sinatura do solicitante ou do representante (no caso dos menores de idade).

5.- DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO EN FAVOR DA EMPRESA VEIGA DE GRIOY, S.L..

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14/01/2011 que se recolle a continuación:

"Vista a instancia presentada en data 21/12/2010, no rexistro xeral de entrada do concello, por D. Jesús Filloy Villar, pola cal solicita a devolución do aval presentado como garantía da seguinte obra:

- *OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE 16 VIVENDAS EN CACHEIRAS*

Visto o informe favorable á devolución, formulado polo Arquitecto Técnico Municipal, Luis Javier Castro Martínez, de data 11/01/2010, e téndose comprobado a existencia de dito aval na Tesourería Municipal,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a cancelación do aval por importe de 15.316,25€ correspondente ao expediente de licenza de obra para a construcción de 16 vivendas en Cacheiras e a súa devolución ao interesado.

2º.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.- Aprobar a cancelación do aval por importe de 15.316,25€ correspondente ao expediente de licenza de obra para a construcción de 16 vivendas en Cacheiras e a súa devolución ao interesado.

2º.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto, preséntase unha proposta, de data 17/01/2011 que se recolle a continuación:

"Vista a instancia presentada en data 15/10/2010, no rexistro xeral de entrada do concello, por D. Santiago Porto LLovo, en representación da empresa ***CYCLE GOLF EQUIPAMENT, S. L.,*** *pola cal solicita a devolución do aval presentado como garantía definitiva da seguinte obra incluída no FEIL:*

- REFORMA E INSTALACIÓN DE PARQUES INFANTIS NOS COLEXIOS DE CALO, RAMALLOSA E OS TILOS E NAS ESCOLAS DE CACHEIRAS E PONTEVEA

Visto o informe favorable á devolución, formulado polo Arquitecto Técnico Municipal,Luis Javier Castro Martínez de data 11/01/2011, e téndose comprobado a existencia de dito aval na Tesourería Municipal,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar a cancelación do aval por importe de 3.556,03 € correspondente ao expediente de contratación da obra denominada - REFORMA E INSTALACIÓN DE PARQUES INFANTIS NOS COLEXIOS DE CALO, RAMALLOSA E OS TILOS E NAS ESCOLAS DE CACHEIRAS E PONTEVEA, incluída no FEIL, procedendo á súa devolución.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.-Aprobar a cancelación do aval por importe de 3.556,03 € correspondente ao expediente de contratación da obra denominada - REFORMA E INSTALACIÓN DE PARQUES INFANTIS NOS COLEXIOS DE CALO, RAMALLOSA E OS TILOS E NAS ESCOLAS DE CACHEIRAS E PONTEVEA, incluída no FEIL, procedendo á súa devolución.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos oportunos.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria xeral

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 07 DE FEBREIRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 7 de febreiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Interventora acctal: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

Arquitecto: D. Ignacio Soto González, arquitecto municipal

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17/01/2011**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **LICENZAS DE ACTIVIDADE**
4. **CONTRATACIÓN:PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA DE ADECUACIÓN DE LOCAL DESTINADO A MEDIATECA EN URBANIZACIÓN MIRASOL, RIBEIRA, CACHEIRAS"**
5. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
6. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 17/01/2011.

Acta da sesión ordinaria do día 17 de xaneiro de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 17/01/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ e A Dª. MARÍA ELENA PARAJÓ CALVO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en A Igrexa, parroquia de Luou (Referencia catastral 15083ª092000610000LT), segundo proxecto redactado polas arquitectas María Elena Parajó Calvo e Carmen Rey López.

Expediente núm: 4/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polas arquitectas María Elena Parajó Calvo e Carmen Rey López: Proxecto básico e de execución de construción dunha vivenda unifamiliar illada, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 19/11/2010. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia

das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:
-Clasificación do solo: N1.
-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA
-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR
-Arquitecto director das obras: Carmen Rey López.
-Arquitecto técnico director: Xulio Fernández Pazo.
-Coordinador de seguridade e saúde: Xulio Fernández Pazo.
-Edificabilidade: 0,37 m^2/m^2.
-Altura máxima: B+1, 6,34 m.
-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 32,85%. Recuamento á aliñación: >8 m. do eixo da vía. Recuamento a lindeiros: 3,00 m. Pendente máxima de cuberta: <80º. Altura do cumio: 2,80 m. Aproveitamento baixo cuberta: No.
-Presuposto: 168.327,14 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3.366,54 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 183,10 €.
-. Cartel indicador: 120,00 €.
Total: 3.606,54 euros.

2.2. A D. JAVIER COUSO CASTELAO, licenza para obras de cerre parcial (50 ml.), de finca edificada, entre lindeiros, en Seixos, segundo plano de situación, parroquia de Luou.
Expediente núm: 5/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-O primeiro poste do cerre situarase á distancia mínima de 8 metros ao eixe da estrada provincial, segundo plano de aliñacións que se xunta.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.
-Os novos valos de parcela, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 1.555,50 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 31,11 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 91,11 euros.

2.3. A D. ALBERTO PUGA DE JESÚS, licenza para obras de cerre, 19 ml. por diante e 21 ml. por detrás, na finca nº 999-A de Mouromorto, parroquia de Calo.
Expediente núm: 6/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-O cerre situarase á distancia de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140.4 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.

-A rampla de acceso farase pavimentada na mesma cota que a pista, instalando una tubaría de 40 centímetros de diámetro mínimo pegada ao portal de acceso.
-Farase a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica a normativa vixente.
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.
-Os novos valos de parcela, cando esta estea efificada, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais. No caso de non estar edificada a finca, o cerre no solo rústico estará constituido só por postes e tea metálica.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 1.244,40 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 24,89 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 84,89 euros.

2.4. A D. JORGE BLANCO FRAGA, licenza para obras de retellado parcial da vivenda de 50 m^2,

na edificación situada en Vilar, nº 36, parroquia de Teo.

Expediente núm: 7/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.555,50 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 31,11 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 91,11 euros.

2.5. A D. ALEJANDRO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, licenza para obras de instalación de tubaría de 40 centímetros de diámetro na cuneta existente de 12 m. polo fronte da finca nº 117 de Regoufe, parroquia de Luou.

Expediente núm: 8/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-A tubaría situarase no borde da aliñación oficial, instalando unha arqueta con reixa practicable cada 5 metros, na cota adecuada para recoller as augas pluviais. Non afectará o sistema de regos e drenaxes de fincas. Pavimentarase sobre a canalización con material igual ao da pista existente.

-As obras executaranse evitando danos sobre as infraestructuras públicas, respectando as canalizacións, rasantes existentes, a sección do viario e as aliñacións oficiais que indica o Plan Xeral de Ordenación do Concello de Teo.

-Executarase de acordo coas normas e condicións que indique a compañía adxudicataria Aquagest, de xeito que non afecte a futuras operacións de reparación e mantemento sobre a rede pública de saneamento e abastecemento.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades

municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 2.938,68 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 58,77 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 118,77 euros.

2.6. A D. MANUEL FUENTES FANDIÑO, en representación de **ASOCIACIÓN FONTES DE SAN PAIO,** licenza para obras de reparación de canalización de traida de augas polo borde da vía pública en Veitureira, en tres puntos, segundo plano de situación, parroquia de Lampai.
Expediente núm: 9/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-As obras executaranse de acordo coas indicacións técnicas da compañía adxudicataria Aquagest de xeito que non afecten as redes de infraestructuras públicas.
-Repoñerá o pavimento da pista en perfectas condicións.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 300,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 6,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 66,00 euros.

2.7. A Dª. MARÍA DEL CARMEN VARELA ÁLVAREZ, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 470 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Raris, situada en Buela, segundo proxecto asinado pola aquitecta técnica Brígida García Couto, visado no colexico correspondente o 13.08.2010.
Expediente núm: 10/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado, en execución de planeamento, redactado pola aquitecto técnico Brígida García Couto e visado no colexico correspondente o 13.08.2010 respectando as aliñacións oficiais do PXOM e executando a división pola liña de separación entre as ordenanzas N-2 e N-3.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

2.8. A Dª. EULALIA TARRIO PICÓN, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 456 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, segundo proxecto asinado polo aquitecto Arturo Rodríguez Vilanova.
Expediente núm: 11/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado, en execución de planeamento, redactado polo aquitecto Arturo Rodríguez Vilanova, respectando as aliñacións oficiais do PXOM e executando a división pola liña de separación entre as ordenanzas U-4 e PE-4.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

3. LICENZAS DE ACTIVIDADE.

LICENZA DE APERTURA –INÓCUA SEN PUBLICACIÓN.

3.1.- Dada conta do escrito asinado por **MEULAR SERVICIOS ASISTENCIAIS S.L.U.,** de data 25.10.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 10574, do 29.10.2010, no que solicita licenza para o establecemento dun local destinado a OFICINA DE AXUDA NO FOGAR E SERVIZOS ASISTENCIAIS, a emprazar en Urbanización Os Muiños, Bloque 1, Portal 2, Local B, parroquia de Cacheiras.

Vista a documentación presentada, asinada polo enxeñeiro industrial José Luis Valado Vieitez, visada no colexio correspondente o 25.10.2010 e o 10.12.2010, na que se inclue a certificación de seguridade e solidez; e demais documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10) acorda:

Primeiro.- Conceder a MEULAR SERVICIOS ASISTENCIAIS S.L.U. (expte. AP-1/11) licenza para o establecemento dun local destinado a OFICINA DE AXUDA NO FOGAR E SERVIZOS ASISTENCIAIS, en Urbanización Os Muiños, Bloque 1, Portal 2, Local B, parroquia de Cacheiras, facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 952 por importe de: 28,30 euros.

Terceiro.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

4. CONTRATACIÓN:PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA DE ADECUACIÓN DE LOCAL DESTINADO A MEDIATECA EN URBANIZACIÓN MIRASOL, RIBEIRA, CACHEIRAS".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 04/02/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a solicitude de devolución de garantía definitiva presentada por HERMANOS VIGO OTERO, S.L. constituída para responder da execución do contrato de obras "OBRA DE ADECUACIÓN DE LOCAL DESTINADO A MEDIATECA EN URBANIZACIÓN MIRASOL, RIBEIRA, CACHEIRAS".

Visto o informe favorable da Intervención municipal, en aplicación dos arts. 43 a 44, 47 e 147 do RDL 2/2000, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o art.

65 do RD 1098/2001,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local:*

***1º.-** Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituídas pola empresa HERMANOS VIGO OTERO,S.L., por importe de **3.194,93 €,** mediante aval bancario do Banco Popular rexistrado co nº 0396-00173, correspondente ó contrato de "OBRA DE ADECUACIÓN DE LOCAL DESTINADO A MEDIATECA EN URBANIZACIÓN MIRASOL, RIBEREIRA, CACHEIRAS", procedendo a devolución da mesma.*

***2º.-**Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva constituídas pola empresa HERMANOS VIGO OTERO,S.L., por importe de 3.194,93 €, mediante aval bancario do Banco Popular rexistrado co nº 0396-00173, correspondente ó contrato de "OBRA DE ADECUACIÓN DE LOCAL DESTINADO A MEDIATECA EN URBANIZACIÓN MIRASOL, RIBEREIRA, CACHEIRAS", procedendo a devolución da mesma.

2º.-Dar conta do presente acordo á Tesourería municipal para a súa anotación no libro de avais.

5. PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presentou ningunha.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e corenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria xeral

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 11 DE FEBREIRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 12:00 horas do día 11 de febreiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

Non asisten, previa excusa:

D. Rafael Sisto Edreira

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Interventora acctal: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- EXTINCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á 1ª INFANCIA DE CALO.

2.- ACORDO DE PARTICIPACIÓN NA XXIX EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- EXTINCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á 1ª INFANCIA DE CALO.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de data 09/02/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXTINCIÓN CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA DE CALO

O Concello de Teo, con data 24/05/2004, asina o contrato de xestión de servizos do ***centro de atención á primeira infancia de Calo,*** *coa empresa* ***AURORA PILAR Y ANA, S.L****. CIF nº B-15922230.*

O citado contrato establece no apartado 3), en relación co disposto na cláusula Quinta do Prego de cláusulas economico-administrativas, o seguinte:

"A concesión comprenderá o período de UN ANO, a partir da data do presente contrato administrativo. O contrato prorrogarase automaticamente por períodos anuais, agás denuncia do mesmo por calquera das partes, que deberá producirse por escrito cunha antelación mínima de tres meses antes da data de remate do período."

A Xunta de Goberno Local na sesión de 08/02/2008 adxudica a xestión do servizo á empresa ANA NAYA GARCÍA, S.L., a partir do 03/03/2008, cesando á entidade AURORA PILAR Y ANA, S.L. en execución do Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, de 22/10/2007,

A Xunta de Goberno Local na sesión de 10/05/2010, en cumprimento do Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela ditado o 08/04/2010, acorda cesar na xestión, en réxime de concesión, do centro de atención á primeira infancia de Calo, á entidade "Ana Naya García S.L.", dende o Xoves día 13 de maio de 2010, repoñendo á entidade "Aurora, Pilar y Ana, S.L." na xestión do servizo dende o 14/05/ 2010, nas condicións do contrato subscrito entre o Concello de Teo e esta entidade con data de 24/05/2004.

Á vista do exposto e, de conformidade co establecido no artigo 109, 110 y 164 do Real Decreto Lexislativo 2/2002, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, en relación coa cláusula quinta do Prego de cláusulas economico-administrativas que rexen o contrato de xestión do servizo público do centro de atención á primeira infancia de Calo, asinado entre o Concello de Teo e a empresa AURORA PILAR Y ANA, S.L. o 24/05/2004,

PROPOÑO A Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Denunciar o contrato da xestión, en réxime de concesión, do* ***centro de atención á primeira infancia de Calo****, asinado entre o Concello de Teo e a empresa AURORA PILAR Y ANA, S.L. o 24/05/2004, de conformidade co establecido na cláusula Quinta do Prego de cláusulas económico-administrativas.*

Segundo.- *Notificar este acordo á empresa* ***AURORA PILAR Y ANA, S.L****. CIF nº B-15922230, con domicilio en rúa Ameneiro, U2A, P2-2ª I, Os Tilos 15894 Teo, comunicándolle a extinción do contrato con efectos do 23 de maio de 2011..*

Terceiro.- *Dar conta do presente acordo a intervención municipal aos efectos oportunos.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentess e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Denunciar o contrato da xestión, en réxime de concesión, do centro de atención á primeira infancia de Calo, asinado entre o Concello de Teo e a empresa AURORA PILAR Y ANA, S.L. o 24/05/2004, de conformidade co establecido na cláusula Quinta do Prego de cláusulas económico-administrativas.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa AURORA PILAR Y ANA, S.L. CIF nº B-15922230, con domicilio en rúa Ameneiro, U2A, P2-2ª I, Os Tilos 15894 Teo, comunicándolle a extinción do contrato con efectos do 23 de maio de 2011.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo a intervención municipal aos efectos oportunos.

2.- ACORDO DE PARTICIPACIÓN NA XXIX EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR.

Á vista do escrito asinado por Dª Socorro García Conde, concelleira de cultura e centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, de data 26.11.2010, relativo á posibilidadde de que o Concello de Teo sexa un dos patrocinadores da XXIX edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, aportando a cantidade de 360,00 euros, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Participar como patrocinador na XXIX edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor.

Segundo.- Aportar a cantidade de 360,00 euros, correspondente á cota de patrocinio, que deberá ser ingresada no número de conta facilitado a tal fin polo Concello de Santiago de Compostela.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria xeral

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE FEBREIRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora acctal.: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 07/02/2011**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **LICENZAS DE ACTIVIDADE**
4. **DEVOLUCIÓN DE AVAL CORRESPONDENTE Á LICENZA 32/05**
5. **APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2010**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**

7. ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 07/02/2011.

Acta da sesión ordinaria do día 07/02/2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 07/02/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. MARÍA TERESA GONZÁLEZ IGLESIAS, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar illada, na parcela nº 619 de Paraxó, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra.

Expediente núm: 12/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- Construirase de acordo co proxecto presentado e as dúas modificacións, redactado polo arquitecto José Antonio Hernando Ezquerra, visados no colexio oficial de arquitectos con datas 23.06.2010 e 08.10.2010.
- Formalizarase un acta de replanteo antes do inicio das obras, este acta deberá estar asinada polos directores das obras e un técnico municipal.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- O término da obra e previamente a súa utilización deberase solicitar a licenza de primeira ocupación. Para a obtención desta licenza de primeira ocupación será necesaria unha certificación final de obra asinada polos técnicos directores da obra na que se manifestará explicitamente o cumprimento das especificacións contidas no Decreto 262/2007, do 20 de decembro normas do hábitat galego.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: N2 Expansión de núcleo rural.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: José Antonio Hernando Ezquerra.

-Arquitecto técnico director: Gonzalo Navaza Mosteiro.

-Coordinador de seguridade e saúde: José Luis de la Mata Mancebo.

-Edificabilidade: 0,13 m^2/m^2.

-Altura máxima: B+BC, 3,96 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 13,45%. Recuamento á aliñación: 16,43 m. do eixo da vía. Recuamento a lindeiros: 3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 27º. Altura do cumio: 3,08 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.

-Presuposto: 119.193,36 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.383,87 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 362,47 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.866,34 euros.

2.2. A D. XERARDO RODRÍGUEZ ARIAS, licenza para obras de legalización dun galpón de 28,17 m^2 situado en Solláns, nº 199, parroquia de Calo, segundo datos da documentación aportada, redactada polo enxeñeiro José Luis Gutierrez Guiao.

Expediente núm: 13/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Dará cumprimento estricto da normativa vixente.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-Artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 644,46 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 12,89 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 72,89 euros.

2.3. A Dª. MARÍA TERESA GONZÁLEZ IGLESIAS, licenza para obras de cerre, entre lindeiros de 50 metros de largo a base de formigón de 90 centímetros e rede metálica, na finca sita en Aido, nº 19, parroquia de Luou.

Expediente núm: 14/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O primeiro poste do cerre situarase á distancia de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o plano de aliñacións oficiais.

-A rampla de acceso farase pavimentada na mesma cota que a pista, instalando unha tubaría de 40 centímetros de diámetro mínimo pegada ao portal de acceso.

-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica a normativa vixente.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.

-Os novos valos de parcela, cando esta estea edificada, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.555,50 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 31,11 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 91,11 euros.

2.4. A D. GUMERSINDO IGLESIAS RODRÍGUEZ, licenza para obras de cerre de 35 ml., na finca nº 1245 de Ribeira, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 15/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O primeiro poste do cerre situarase á distancia de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140.4 do PXOM.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.

-Os novos valos de parcela, cando esta estea edificada, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.088,85 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 21,78 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 81,78 euros.

2.5. A Dª. SILVIA MÍGUEZ GÓMEZ, licenza para cambio de caldeira da cociña a un armario da terraza con saída de gases, en Campos de Mirabel, nº 8, P-1, 3º C, parroquia de Calo.

Expediente núm: 16/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-A instalación farase por instalador autorizado debendo cumprir as condicións da normativa vixente para este tipo de instalacións segundo o trámite regulamentario.

-Gardará as distancias e condicións do regulamento vixente.

-Dará cumprimento das condicións das normas UNE referentes a chemeneas (UNE-EN-13384-1, UNE-EN-13384-2, UNE-123001).

-Dará cumprimento das condicións técnicas do RITE (RD 1027/2007)

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 480,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 9,60 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 69,60 euros.

2.6. A D. ELISADO PARDO MARTÍNEZ, licenza para obras de rampla de acceso á finca con tubos de formigón de 3 metros de largo, na finca nº 251 de Fornelos, parroquia de Raris.

Expediente núm: 17/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras executaranse evitando danos sobre as infraestructuras públicas, respectando as canalizacións rasantes existentes, a sección do viario e as aliñacións oficiais que indica o Plan Xeral de Ordenación do Concello de Teo. Situarase á distancia aproximada de 7 metros dende o eixe da pista.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumpriranse os seguintes artigos:

-Artigo 9, referido aos deberes de conservación e rehabilitación para toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, concretamente realizaranse as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

-As obras non afectarán o sistema de regos existentes. Evitar roturas polas máquinas de obras públicas.

-Executarase de acordo coas normas e condicións que indique a compañía adxudicataria Aquagest, de xeito que non afecte a futuras operacións de reparación e mantemento sobre a rede pública de saneamento e abastecemento.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 104,10 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2,08 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 62,08 €.

2.7. A D. BENJAMÍN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, licenza para obras de instalación de traida de auga de 175 ml. polo borde da pista pública, segundo plano de situación presentado, no lugar de Lamas, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 18/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras executaranse de acordo coas indicacións técnicas da compañía adxudicataria Aquagest, de xeito que non afecte ás redes de infraestructuras públicas.

-Instalarase a unha profundidade mínima de 1 metro.

-Repoñerá o pavimento da pista en perfectas condicións.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.750,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 35,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 95,00 €.

2.8. A D. EZEQUIEL CUDILLEIRO VÁZQUEZ, en representación de **VECIÑOS DA ALDEA DA PEDRA**, licenza para obras de reparación de tubería en canalización no borde da vía de 2x1 metro, no lugar de A Pedra, parroquia de Recesende.

Expediente núm: 19/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras executaranse de acordo coas indicacións técnicas da compañía adxudicataria Aquagest, de xeito que non afecte ás redes de infraestructuras públicas.

-Repoñerá o pavimento da pista en perfectas condicións.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 200,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 4,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 64,00 €.

2.9. A D. JOSÉ MIDÓN SEOANE, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 553 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Recesende, segundo proxecto asinado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela.

Expediente núm: 20/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 10.12.2010 (rex. entrada nº 11.773), redactado pola arquitecta Mercedes Rosón Varela, respectando as aliñacións oficiais do PXOM e executando a división e agrupación de acordo co proxecto antes dito.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE

TOMA DE COÑECEMENTO

2.10.- Dada conta do escrito asinado por D. Manuel Aldariz Martínez e por **D. AITOR FERNÁNDEZ ROSENDE**, de data 28/01/2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 543, no que se solicita o cambio de titularidade da licenza urbanística nº 34/10, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 01/03/2010 a D. Manuel Aldariz Martínez, para construción dunha vivenda unifamiliar, na parcela nº 185 de A Igrexa, parroquia de Bamonde, pasando a nome de D. AITOR FERNÁNDEZ ROSENDE; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10) acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do citado cambio de titularidade da licenza urbanística nº 34/10, pasando a nome de D. AITOR FERNÁNDEZ ROSENDE (expte. CT-2/2011), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

Segundo.- Dar traslado aos servicios técnicos para emisión de informe sobre a situación das obras e a posible caducidade da licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CORRECCIÓN DE ERRO.

2.11.- Visto que na licenza de primeira ocupación concedida pola Comisión de Goberno en sesión de data 20/07/2001, expte. 6/01, a D. RAMON SOUTO CANEDA E OUTRO, en representación de UNEDA 2000 S.L., para un edificio de 44 vivendas e 3 locais (Fase 1ª – Edificios 1, 2 e 3), situado en Montouto, parroquia de Cacheiras, existe un erro en canto ao número de licenza urbanística e data de concesión da mesma.

Considerando o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En virtude do exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10) acorda:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado no acordo citado da Comisión de Goberno Local, correxíndose o número de licenza urbanística e data de concesión da mesma que aparece no citado acordo "obras executadas en base a licenza municipal número 200/00 de data 27/06/2000" por "obras executadas en base a licenza municipal número 35/99 de data 26/02/1999".
Segundo.- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.
LICENZA DE APERTURA –INÓCUA SEN PUBLICACIÓN
3.1.- Dada conta do escrito asinado por **Dª. LOURDES OLVEIRA GRAÑA,** de data 22.04.2009, con rexistro de entrada no Concello núm. 3429, do 27.04.2009, no que solicita licenza para o establecemento dun local destinado a PERRUQUERÍA, a emprazar en San Domingo, parroquia de Calo.
Vista a documentación presentada o 15.12.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 11884 (Expediente de apertura de local destinado a peluquería Modificado), asinada polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, na que se inclue a certificación de seguridade e solidez; e demais documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10) acorda:

Primeiro.- Conceder a Dª. LOURDES OLVEIRA GRAÑA (expte. AP-15/09) licenza para o establecemento dun local destinado a PERRUQUERÍA, en San Domingo, nº 6, parroquia de Calo, segundo a documentación presentada o 15.12.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 11884, facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garanten o funcionamento autónomo da actividade do resto do edificio.

Segundo.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 972.1 por importe de: 24,88 euros.

Terceiro.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

4.- DEVOLUCIÓN DE AVAL CORRESPONDENTE Á LICENZA 32/05.

Dase conta da solicitude presentada por D. José Fontenla Torres, de data 04/02/2011 (nº de rexistro de entrada 892 do 08/02/2011), en representación de Estronor, S.L., relativa á devolución de aval de Caixanova por importe de 8.000,00€ correspondente á licenza de obras nº 32/05, constando no expediente o informe favorable do arquitecto municipal, de data 11/02/2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución á empresa Estronor, S.L. do aval correspondente á licenza de obras nº 32/05, constituido en Caixanova, por importe de 8.000,00€

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado, para o seu coñecemento e efectos.

5.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2010.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17/02/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro de carácter veciñal, coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo veciñal e a participación cidadá mediante un programa de subvencións que contribúa ao fortalecemento do tecido social expresado a través das asociacións veciñais que operan no ámbito do movemento veciñal.

Considerando que ata agora, se viña realizando unha convocatoria conxunta de subvencions a entidades sen ánimo de lucro de toda índole (deportivas, culturais, veciñais…), pero que, por motivos de equidade na valoración deben presentarse de forma separada e con criterios diferentes xa que se trata de entidades de diversa natureza.

Vistas as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá polas actividades realizadas no ano 2010, que presenta o Sr. Concelleiro de Desenvolvemento Local, Transporte, Turismo e Participación Veciñal.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 17/02/2011.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá polas actividades realizadas no ano 2010.

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.-Aprobar as Bases da Convocatoria de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá polas actividades realizadas no ano 2010.

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

"BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2010

1ª.- FINALIDADE E OBXECTO

O Concello de Teo, a través da área de Participación Veciñal, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo veciñal e a participación cidadá mediante un programa de subvencións que conTribúa ao fortalecemento do tecido social expresado a través das asociacións veciñais que operan no ámbito do movemento veciñal.

O importe total destas subvencións será de 6.000 euros, que serán librados con cargo á partida orzamentaria 924/480.

As solicitudes para este programa implican a aceptación libre por parte das asociacións do compromiso de promover no seo das súas actividades estilos democráticos de participación favorecendo a pluralidade e a integración dos seus asociados así como de implicarse activamente na procura de mellores condicións para o desenvolvemento, no ámbito das súas competencias, das relacións dos seus asociados coas administracións públicas, en especial a municipal.

2ª.- SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e ser beneficiarias das mesmas, as asociacións veciñais debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan a súa sede social no termo municipal de Teo
b) Que consonte aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
c) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Teo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
d) Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área polo Concello de Teo no ano anterior, no caso de que lles foran concedidas.

3ª.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Poderán ser obxecto de subvención os gastos debidamente xustificados, realizados polas asociacions solicitantes ao longo do ano 2010 derivados dos seguintes conceptos:

1) Os gastos correntes habituais:
   a) Gastos de oficina (papeleria, teléfono, luz, internet, auga, seguros…)
   b) Gastos de imprenta derivados da edición de carteis publicitarios das súas actividades, edición de boletins informativos, etc., agás aqueles que teñan como finalidade principal intencións propagandísticas de carácter político, doutrinal ou confesional.
   c) Gastos derivados da xeneracion de envios postais relacionados coa súa actividade principal.

2) Os gastos derivados da realización de actos sociais

   a) Honorarios de conferenciantes ou outros profesionais que ocasionalmente participaran nas actividades sociais.
   b) Gastos derivados da celebración de actos de convivencia veciñal, tales como magostos, nadal, entroido, etc., sempre que non se tivesen recibidas outras axudas municipais por estos conceptos

3) Os gastos extraordinarios derivados da conservación e reparación da sede social

   a) Obras destinadas á reparación e mantemento de cubertas, pintura, cerramentos exteriores e interiores, impermeabilización, pavimentación e illamento térmico das sedes sociais, sempre que non se tivesen recibido outras axudas municipais no mesmo exercicio para estos fins

   b) Traballos de electricidade e fontanería que teñan como finalidade o mantenemento ou mellora das instalacións da sede social

4) Outros gastos derivados da súa actividade que non supoñan a adquisición de bens inventariables nin a realización de gastos suntuarios.

4ª.- PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

As solicitudes, dirixidas á Concellería de Desenvolvemento Local, Transportes, Turismo, Emprego e Participación Veciñal, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende o dia seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria farase pública no taboleiro de anuncios do Concello.

5ª.- SOLICITUDES E DOCUMENTACION

As solicitudes serán formuladas mediante a cumprimentación do modelo normalizado (Anexo I), asinado polo representante da asociación, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, que deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

1) Con carácter xeral

a) Relación nominal dos asociados, que deberán ter asimesmo a condición de empadroados no concello de Teo, o que será comprobado de oficio polo departamento municipal correspondente, excluíndose do censo de asociados aos que non cumpran este requisito.
b) Copia cotexada do C.I.F.
c) Memoria de actividades desenvolvidas pola asociación ao longo do ano 2010.
d) Memoria económica detallada do ano 2010, con especificación de ingresos e gastos relacionados cos epígrafes destas bases para os que se solicita subvención.
e) Certificación bancaria do número de conta en que serían abonados os pagamentos.
f) Declaración xurada do solicitante de non estar incurso en ninguna das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
g) Declaración de axudas e/ou subvencións públicas de calquera natureza que teñan solicitadas ou percibidas no ano 2010 para as mesmas finalidades previstas nestas bases, con indicación da súa contía.

2) Para a xustificación de gastos:

a) Copia cotexada de cada unha das facturas acreditativas do gasto, expedidas conforme á lexislación vixente e con expresión do I.V.E.
b) No caso de gastos relacionados con actividades de imprenta e comunicación, deberá aportarse, además, a cartelería, boletins informativos, notas de prensa, facturas postais etc.
c) Para o caso de gastos relacionados con traballos de mantemento e mellora das instalacións da sede social, memoria detallada dos traballos realizados, o seu orzamento e xustificación da súa necesidade.
d) Para outros gastos derivados da súa actividade, explicación detallada da súa natureza e necesidade do gasto realizado.

As deficiencias na solicitude e as omisións de documentación xustificativa esixible, deberán ser enmendadas no prazo máximo de dez dias naturais a contar dende a data do seu requerimento, considerándose desistidas aquelas solicitudes que transcurrido este tempo non fosen suficientemente xustificadas, procedendose ao aquivo da mesma sen máis trámite.

6ª.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

As subvencións obxecto desta convocatoria e reguladas polas presentes Bases o son en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes recibidas en tempo e forma aceptables serán avaliadas consonte aos criterios que de seguido se sinalan:

1) Número de socios censados no Concello de Teo. Máximo 10 puntos.

   a) Máis de 150 …….. 10 Puntos
   b) Ata 150 ……. 9 Puntos
   c) Ata 125 ……. 8 Puntos
   d) Ata 100 ……. 7 Puntos
   e) Ata 75 ……. 6 Puntos
   f) Ata 50 ……. 5 Puntos

2) Gastos correntes. Máximo 10 puntos

   a) Gastos de imprenta superiores a 300 euros 4 Puntos

   b) Gastos material de oficina: 3 Puntos

   c) Gastos suministros básicos (luz, auga, teléfono) 2 Puntos

   d) Gastos comunicación postal: 1 Punto

3) Gastos derivados da celebración de actos sociais. Máximo 6 puntos

   a) Honorarios de monitores e/ou conferenciantes: 3 Puntos

   b) Gastos celebración actos sociais: 3 Puntos

4) Gastos derivados da realización de obras destinadas ao mantenemento das instalacións sociais. Máximo 6 puntos

   a) Gastos extraordinarios destinados á conservación das instalacións sociais: 4 Puntos

   b) Gastos derivados da subsanación de avarias ou desperfectos ocasionais: 2 Puntos

5) Outros gastos: máximo 2 Puntos

Non terán a condición de subvencionables os gastos de comidas, calesquera que fosen as circunstancias en que produciran nin as viaxes, agás as estrictamente realizadas con motivo de xestións directamente relacionadas cos fins sociais da asociación solicitante e debidamente xustificadas.

7ª).- LÍMITE DAS SUBVENCIONS

O importe máximo das subvencións acadadas por cada unha das asociacións solicitantes estará limitado ao importe correspondente ao 70% do orzamento xustificado para o ano obxecto desta convocatoria.

8ª).- ORGANO DE INSTRUCCIÓN

A competencia da instrucción do procedemento de concesión correspóndelle a un auxiliar base do departamento de Deportes quen poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deberá formular a proposta de resolución. Será o encargado de solicitar as documentacións ou informacións necesarias para subsanar as deficiencias detectadas nas solicitudes e de emitir informe de cada unha das solicitudes recibidas, no que se fará constar:

- Nome da asociación e contía máxima da subvención á que opta.
- Se está ou non completa a documentación do expediente, con indicación da data de finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- Se a petición se axusta aos criterios previstos na convocatoria, con indicación expresa de aqueles requisitos que no cumpra, de ser o caso.

9ª).- ÓRGANO COLEXIADO

Para os efectos previstos no artigo 22.1 da LXS, o órgano competente para a proposta da concesión estará composto polo concelleiro de Desenvolvemento Local, Transportes, Turismo, Emprego e Participación Veciñal, que o presidirá, a concelleira de Educación e Benestar e un membro do Departamento de Cultura do concello, que actuará como secretario da Comisión de Valoración así constituida.

Esta comisión elevará una proposta de concesión á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo definitivo de concesión das subvencións, que deberá ser tomado no prazo máximo de 30 días dende a data de elevación da proposta pola Comisión de Valoración. Este acordo esgotará a vía administrativa.

10ª).- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións será notificada individualmente a cada unha das asociacións solicitantes e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada unha das solicitudes, o importe da subvención concedida por este procedemento ou os motivos da súa denegación.

11ª).- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible ter acreditado suficientemente o pago efectivo das facturas e gastos incluídos na solicitude formulada, con indicación do NIF ou CIF das persoas, empresas ou entidades perceptoras dos pagos e o IVE satisfeito, mediante a presentación das facturas correspondentes con constancia expresa e suficiente do seu abonamento efectivo ou xustificante da transferencia bancaria, no seu caso.

De ser precisa a documentación citada anteriormente, ésta deberá ser presentada, a requerimento da concellaría convocante, no prazo máximo de quince días naturais a contar dende a data da súa notificación.

12ª).- RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuizo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvención veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas no suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

13ª).- RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non contemplados nestas bases, estarase ao disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos de apertura do prazo de presentación de solicitudes por parte das asociacións veciñais interesadas nas condicións expresadas polas presentes Bases.

Teo, 17 de febreiro de 2011
O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE PARA AS SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS VECIÑAIS DO CONCELLO DE TEO POLAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO ANO 2010

DATOS DE IDENTIFICACION

ENTIDADE SOLICITANTE:

DOMICILIO SOCIAL;

CIF: **LOCALIDADE:**

TELÉFONO: **CORREO ELECT.:**

REPRESENTANTE DA ENTIDADE:

DNI: **TELEFONO CONTACTO:**

CARGO QUE OCUPA:

FINS SOCIAIS DA ASOCIACION:

Nº DE SOCIOS RESIDENTES NO CONCELLO DE TEO:

IMPORTE ORZAMENTO ANO 2010:

CONTA BANCARIA (20 díxitos):

ANEXO II

INFORMACION ECONÓMICA GASTOS SUBVENCIONABLES

GASTOS CORRENTES HABITUAIS

AUGA:
LUZ:
TELEFONO:
INTERNET:
SEGUROS:
PAPELERIA:
IMPRENTA:
POSTAIS:

TOTAL GASTOS CORRENTES HABITUAIS:

GASTOS ORGANIZACIÓN ACTOS SOCIAIS:

MONITORES:
CONFERENCIANTES:
MAGOSTO:
NADAL:
ENTROIDO:
OUTROS:

TOTAL GASTOS ACTOS SOCIAIS:

GASTOS EXTRAORDINARIOS REPARACION E CONSERVACION SEDE SOCIAL

OUTROS GASTOS QUE NON SUPOÑAN A ADQUISICION DE BENS INVENTARIABLES NIN A RELIZACIÓN DE GASTOS SUNTUARIOS:

SUBVENCION MÁXIMA SOLICITADA

ANEXO III

COMPROMISOS

D./Dona ……, con D.N.I. ……, Presidente/a da Asociación …….

Declaro que:

Acepto expresamente as bases desta convotaria de subvención
Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.
Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Teo, ……. de …….de 2011

Sinatura do representante"

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17/02/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando a importante función de fomento que ven realizando o Concello de Teo dende fai anos mediante a colaboración económica coas entidades sen ánimo de lucro, coa finalidade de potenciara formación e socialización do alumnado dos centros educativos municipais e de colectivos obxecto de protección social e a promoción de igualdade entre homes e mulleres.

Considerando que ata agora, se viña realizando unha convocatoria conxunta de subvencións a entidades sen ánimo de lucro de toda índole (deportivas, culturais, veciñais…), pero que, por motivos de equidade na valoración deben presentarse de forma separada e con criterios diferentes xa que se trata de entidades de diversa natureza.

Vistas as Bases da convocatoria de subvencións ás entidades de carácter educativo, benestar social e tempo libre, polas actividades realizadas durante o ano 2010, que presenta a Sra. Concelleira delegada de Educación, Igualdade e Benestar.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto, de data 17/02/2011.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

1º.-Aprobar as Bases da convocatoria de subvencións ás entidades de carácter educativo, benestar social e tempo libre, polas actividades realizadas durante o ano 2010.

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.-Aprobar as Bases da convocatoria de subvencións ás entidades de carácter educativo, benestar social e tempo libre, polas actividades realizadas durante o ano 2010.

2º.- Proceder á súa exposición pública mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS, ASOCIACIÓNS PROMOTORAS DA IGUALDADE DE XÉNERO E ASOCIACIÓNS QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SEN ÁNIMO DE LUCRO, POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010

1ª.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas a actividades organizadas ou promovidas por entidades educativas, asociación de país e nais, asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, pola realización de actividades de carácter educativo, de promoción da igualdade de xénero e temática social no ano 2010, con cargo á partida orzamentaria 330/480.00 por un importe total de 26.000 euros.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación da formación educativa do alumnado dos centros educativos municipais e de colectivos sociais obxecto de protección social, a promoción de igualdade entre homes e mulleres.

2ª.—BENEFICIARIOS/AS

As entidades educativas, asociación de país e nais, asociación promotoras da Igualdade de Xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, todas elas sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Teo e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Teo.

Non poderán ter a condición de beneficiarios aquelas persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias enumeradas no artigo 13.2 da Lei 38/2003.

3ª.—ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As subvencións que se outorguen ao abeiro das presentes bases, terán como finalidade:

a) Colaboración en gastos correntes derivados da realización de actividades por parte dos suxeitos mencionados no artigo 2º das presentes Bases e, dos gastos de conservación, mantemento ou reparacións menores, que non teñan o carácter de investimento, necesarios para o desenvolvemento destas no ano 2010.

b) Gastos ocasionados pola organización de actividades durante o ano 2010 dentro do territorio municipal.

4ª.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de edictos do Concello.

5ª.—DOCUMENTACIÓN

As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo normalizado (Anexo I) que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, e que irá acompañada dos seguintes documentos:

a) Documento asinado polo/a representante da entidade facendo constar as actividades desenvolvidas e a relación nominal de participantes.

b) Copia cotexada do CIF.

c) Cartelería, notas de prensa e memoria das actividades organizadas coas que concorre a esta subvención.

d) Memoria económica do ano 2010, con especificación de ingresos e gastos, desagregándoos por conceptos.

e) Memoria descritiva da actividade que se desenvolveu, con detalle de cada un dos gastos en que se incorreu para a súa realización, a súa cuantificación e o financiamento que se obtivo. Nesta memoria indicaranse os obxectivos que se pretendían acadar coa realización das actividades e os finalmente conseguidos.

f) Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

g) Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

h) Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a súa contía.

i) Declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de solicitudes defectuosas ou incompletas, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites de non se emendaren os defectos en dito prazo.

6ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte os criterios que de seguido se sinalan:

1. Actividades de carácter anual. Máximo 10 puntos. Un punto por cada actividade.

2. Actividades de carácter non anual (celebracións de entre un día e 15 días) Máxima 5 puntos. (0.25 puntos por cada actividade)

3. Número de persoas participantes nas actividades de carácter anual. Máximo 10 puntos.

Máis de 201 10 puntos.

Ata 200 9 puntos.

Ata 175 8 puntos.

Ata 150 7 puntos.

Ata 125 6 puntos.

Ata 100 5 puntos.

Ata 75 4 puntos.

Ata 50 3 puntos.

Ata 25 2 puntos.

Ata 15 1 puntos.

4. Persoas empadroadas no Concello de Teo participantes nas actividades de carácter anual. Máximo 5 puntos.

100% 5 puntos.

Máis do 85% 4 puntos.

Máis do 75% 3 puntos.

Máis do 50% 2 puntos.

Máis do 25% 1 puntos.

5. Gastos derivados do coidado e mantemento das instalacións propias. Máximo 5 puntos.

Gastos de auga, luz e conservación da instalación 5 puntos.

Gastos de luz e conservación da instalación 4 puntos.

Gastos de conservación da instalación 3 puntos.

Aquelas asociacións que reciban unha subvención nominativa do concello de Teo non poderán concorrer a esta convocatoria coas mesmas actividades que xa están subvencionadas.

7ª.—IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCIÓNS

En ningún caso o importe máximo da subvención de cada solicitante superará o 70% do orzamento da entidade ou asociación para a tempada obxecto da solicitude.

8ª.—ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As solicitudes dirixiranse á Concelleira delegada de Educación, Igualdade e Benestar nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.

Os servizos sociais comunitarios serán o órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir dos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Ademais elaborará un informe de cada unha das solicitudes presentadas no que se fará constar:

— Nome da entidade e contía máxima da subvención á que opta.

— Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso

— Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuaraa unha Comisión de Valoración constituída pola Concelleira a Concelleira Delegada de Educación e Benestar que a presidirá, a concelleira Delegada de Deportes, Cultura, Comunicación Social e Mocidade, e a coordinadora do servizos sociais comunitarios, a psicóloga municipal, que actuará tamén como Secretaria da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

9ª.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

10ª.—COMPROMISOS

As entidades subvencionadas ao abeiro destas bases quedarán obrigadas a colaborar co Concello naquelas actividades que este organice cando lle sexa requirido e farán constar na súa publicidade o patrocinio do Concello de Teo.

11ª.—XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

Para o abono do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas relacionadas coa actividade subvencionada e por un importe superior á cantidade concedida. Só se admitirán facturas orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade á realización dos gastos (adquisición de subministracións, prestación de servizos) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos nela, e a constancia expresa de cobrada, asinada e indicando o nome e o DNI", pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

b) Indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.

c) Declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado.

d) Memoria cuantificada das actividades realizadas, que deberán corresponder ó ano 2010, e ingresos obtidos.

e) As subvencións xustificaranse antes do 15 de novembro de 2011. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 15 de decembro de 2011. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma.

Non serán gastos subvencionables:

— Os xuros debedores de contas bancarias.

— Os xuros, recargos e sancións administrativas.

— Os gastos de procedementos xudiciais.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e). e despois da fiscalización da conta xustificativa pola Intervención Municipal e posterior aprobación da mesma pola Alcaldía, quen ordenará o pago.

O coeficiente de financiamento será 1, de xeito que, cando se presenten xustificantes por importe inferior ao concedido na achega, esta se verá reducida proporcionalmente.

12ª.—CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO

Os servizos sociais comunitarios poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.

13ª.—RÉXIME SANCIONADOR

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

14ª.—RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

Teo, 17 de febreiro de 2011
O alcalde

Martiño Noriega Sánchez

A)

ANEXO 1

MODELO DE SOLICITUDE PARA A SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES
DE CARÁCTER EDUCATIVO, BENESTAR SOCIAL, E TEMPO LIBRE
SEN ÁNIMO DE LUCRO
ANO 2011

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

ENTIDADE SOLICITANTE (Nome completo e siglas)

ENDEREZO SOCIAL:

CIF: LOCALIDADE

TELÉFONO/S DA ENTIDADE

ENDEREZO ELECTRÓNICO

REPRESENTANTE DA ENTIDADE (Nome e apelidos)

CARGO QUE OCUPA: DNI

TELÉFONO/S DE CONTACTO:

Nº DE PERSOAS SOCIAS RESIDENTES NO CONCELLO:

FINS SOCIAIS DA ENTIDADE

IMPORTE DO ORZAMENTO NO ANO 2010:

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (20 díxitos):

ACTIVIDADES DE CARÁCTER ANUAL	NºDE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DE ENTRE 1 E 15 DÍAS	NºDE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADES DE 1 DÍA	NºDE PARTICIPANTES NESTAS ACTIVIDADES

GASTOS DERIVADOS DO COIDADO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS: (concretar)

Declaro que:

Acepto expresamente as bases desta convocatoria de subvención.

Que a entidade por min representada cumpre todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Data e sinatura da persoa que representa á entidade.

ALCALDE DO CONCELLO DE TEO

7. - ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 28 DE FEBREIRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:15 horas do día 28 de febreiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D.ª Carmen Diéguez González

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZAS DE ACTIVIDADE

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A D. MANUEL FRANCISCO DUARTE, licenza para obras de cerre, nun tramo do fronte da finca de 6 ml. con base de bloques revestidos e pintados de 90 centímetros de alto, postes tela metálica ata 1,80 metros de alto, na finca 1028, 1027 de Coira, parroquia de Reis.

Expediente núm: 21/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre situarase na aliñación oficial a distancia de 5 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140.4 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.

-A rampla de acceso farase pavimentada na mesma cota que a pista, instalando unha tubaría de 40 centímetros de diámetro mínimo pegada ao portal de acceso.

-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica a normativa vixente.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.

-Os novos valos de parcela estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 186,66 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 3,73 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 63,73 euros.

1.2. A Dª. MARÍA SALOMÉ BEIROA FERNÁNDEZ, licenza para instalación de 20 m^2 de "onduline" no penal da vivenda para evitar humidades, en Solláns, parroquia de Calo.

Expediente núm: 22/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregaranse a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificados pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigos 104.c) onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 300,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 6,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 66,00 euros.

1.3. A D. JOSÉ BROCOS NANDE, licenza para pavimentar o acceso á vivenda dentro da finca, para subida de ambulancia, en 45 m^2, na finca nº 51, polígono 503, de Covas, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 23/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigo 9.1 b), onde os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións, deberán mantelos en condicións de funcionalidade,

seguridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-As obras serán as mínimas de conservación e mantemento do uso preexistente, respectando o uso tradicional do entorno.

-As obras non afectarán o exterior da finca nin o sistema de regos e drenaxes de finca na zona rústica.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.125,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 22,50 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 82,50 €.

1.4. A D. FERNANDO JORGE BALEIRÓN, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca situada en Balcaide, que se indica no proxecto técnico redactado por Arturo Rodríguez Vilanova. Expediente núm: 24/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 14.02.2011 (rex. entrada nº 1029), redactado polo arquitecto Arturo Rodríguez Vilanova, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de núcleo rural tradicional N-1 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

1.5. A Dª. MARÍA ESTHER RODRÍGUEZ DURÁN, licenza para agrupación e segregación (tres parcelas) de fincas situadas en Cantoña, parroquia de Luou, segundo proxecto técnico redactado por Brígida García Couto.
Expediente núm: 25/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 18.02.2011 (rex. entrada nº 1156), redactado pola arquitecto técnico Brígida García Couto, respectando as aliñacións oficiais do PXOM.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.
LICENZA DE APERTURA –INÓCUA PROVISIONAL
2.1.- Dada conta do escrito asinado por **Dª. ANA PELETEIRO BANDÍN**, en representación de **FUNDACIÓN FOLTRA, ASOCIACIÓN**, de data 29.07.2010, con rexistro de entrada no Concello núm. 6833, do 02.08.2010, no que solicita licenza para o establecemento dun CENTRO SANITARIO DE TERAPIAS REGENERATIVAS, a emprazar en Travesia de Montouto, nº 24, Urbanización Braña dos Alféreces V, parroquia de Cacheiras.

Visto o proxecto presentado, asinado pola arquitecto técnico Rosa María Vázquez Larumbe, visado no colexio correspondente, proxecto de actividade correxido e proxecto de instalacións, asinado este polo enxeñeiro técnico industrial Manuel García Álvarez.

Considerando que tal e como se desprende do escrito aclaratorio asinado pola arquitecto técnico Rosa María Vázquez Larumbe (rex. entrada nº 101, do 07.01.2011), o uso do edificio non é hospitalario pese a aparecer así, erroneamente, na Memoria de Actividade do Proxecto e noutras partes do documento, senon que é de CENTRO DE TERAPIAS REGENERATIVAS, como aparece reflectido no propio título do proxecto, pertencendo, segundo o escrito citado e atendendo aos parámetros do Real Decreto 1277/2003, de 10 de outubro, e Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, á seguinte clasificación:

Centros sanitarios	Oferta asistencial
C.3 Servizos sanitarios integrados nunha organización non sanitaria	U.101 Terapias non convencionais U. 900 Outras unidades asistenciais

Visto o informe do arquitecto municipal de data 21.02.2011, o informe de Secretaría de data 25.02.2011 e demais documentación obrante no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Conceder a Dª. ANA PELETEIRO BANDÍN, en representación de FUNDACIÓN FOLTRA, ASOCIACIÓN (expte. AP-5/10) **licenza provisional de actividade** para o establecemento dun local destinado a CENTRO SANITARIO DE TERAPIAS REGENERATIVAS, en Travesia de Montouto, nº 24, Urbanización Braña dos Alféreces V, parroquia de Cacheiras, segundo a documentación presentada o 02.08.2010 (rex. entrada nº 6833), o 04.11.2010 (rex. entrada nº 10.761, proxecto de actividade correxido e proxecto de instalacións) e o 07/01/2011 (rex. entrada nº 101), facendo responsable á propietaria do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garantan o funcionamento da actividade.

Segundo.- **O exercicio da actividade non se poderá iniciar ata que non sexa concedida a licenza definitiva de actividade,** para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico responsable das instalacións no que se especifique a

conformidade das mesmas cos términos desta licenza e a autorización de funcionamento á que se refire o artigo 8 do Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro.

Terceiro.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 942.1 por importe de: 267,48 euros.

Cuarto.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

LICENZAS DE APERTURA-CAMBIO DE TITULARIDADE-TOMA DE COÑECEMENTO.

2.2.- Dada conta do escrito asinado por **D. LUIS IGLESIAS VILLAR,** en representación de **GALICIA VERDE TURISMO RURAL, S.L.**, de data 16.02.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 1101, no que solicita o cambio de titularidade do establecemento dedicado a CASA DE TURISMO RURAL, situado en Rúa de Francos, nº 43, parroquia de Calo, que viña sendo explotado por D. José Touceda Tuñez, segundo licenzas de apertura definitivas, expediente RAMINP nº 11/02 e 13/04, concedidas respectivamente, por Resolución da Alcaldía de data 28.10.2003 e pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29.12.2008, pasando ao seu nome, coa sinatura de conforme do anterior titular.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade do dito establecemento (expte CTE-1/2011), pasando a nome de D. LUIS IGLESIAS VILLAR, en representación de GALICIA VERDE TURISMO RURAL, S.L., debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

Segundo.- Que se notifique este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 7 DE MARZO DE 2010 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 3 de marzo de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora acctal.: D.ª Mª Pilar Sueiro Castro

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 11/02/2011 E 21/02/2011.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

3.- DEVOLUCIÓN DE ICIO CORRESPONDENTE Á LICENZA 178/09.

4.-PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 11/02/2011 E 21/02/2011.

Acta da sesión extraordinaria de 11 de febreiro de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 11/02/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada, unanimidade, a acta citada.

Acta da sesión ordinaria de 21 de febreiro de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 21/02/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada, por unanimidade, a acta citada.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. MANUEL COELLO GARCÍA, licenza para demolición dunha edificación (SS+PB+BC), no lugar de Ribas, parroquia de Oza, segundo proxecto redactado pola arquitecta

técnica Brígida García Couto, a fin de dar cumprimento á resolución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (expte. Rep. 9/05).

Expediente núm: 26/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta técnica Brígida García Couto: Proxecto de demolición de edificación (SS+PB+BC). Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
-Presuposto: 4.100,00 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 82,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 142,00 euros.

2.2. A D. FIDEL GUDE SAMPEDRO, en representación de **GESTIÓN DEL VALOR Y SOLUCIONES S.L.,** licenza para obras de acondicionamento de local existente para oficinas sen atención ao público, en Travesía de Cacheiras, nº 86, baixo 2, segundo proxecto técnico presentado o 29.11.2011 (rex. entrada nº 11454), asinado polos enxeñeiros técnicos industriais Fidel Gude Sampedro e Javier González Casanova.
Expediente núm: 27/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.
-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.
-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.
-Dará cumprimento da normativa sectorial vixente.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 13.055,23 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 261,10 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 321,10 euros.

2.3. A Dª. MARÍA DEL MAR FERNÁNDEZ GARCÍA, licenza para obras de cerre de 109 ml., na finca segundo plano de situación (Ribas, nº 50).
Expediente núm: 28/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O primeiro poste do cerre situarase á distancia de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 104.4 do PXOM.
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.
-Os novos valos de parcela, cando esta estea edificada, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación.
-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.
-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 3.390,99 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 67,82 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 127,82 euros.

2.4. A Dª. CONSUELO ARES IGLESIA, licenza para obras de cerre de 15 ml., entre lindeiros, na finca nº 64 de Raris, segundo plano de situación.
Expediente núm: 29/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.

-Os novos valos de parcela estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación.

-A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Darase cumprimento das condicións da autorización de Patrimonio.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 559,98 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 11,20 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 71,20 euros.

2.5. A Dª. ESTEFANÍA CABANAS BARREIRO, licenza para obras de retellado da cuberta, pintura de fachadas e instalación de canalóns e baixantes, na edificación existente en Sebe, nº 117, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 30/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-As obras serán estritamente as mínimas de conservación e mantemento do uso existente que indica o artigo 103 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galcia coas modificacións vixentes, para edificacións "fora de ordenación". Non se realizará ningunha outra obra sobre a edificación existente.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da

conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 5.735,50 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 114,71 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 174,71 euros.

2.6. A D. JOSÉ LUIS ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, licenza para obras de retellado de 60 m^2 na vivenda da Rúa Concepción Arenal, nº 11 de Parque Montouto, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 31/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo, dando cumprimento do Plan Parcial de Parque Montouto.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.866,60 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 37,33 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 97,33 euros.

2.7. A Dª. MARÍA DEL CARMEN ESTÉVEZ LÓPEZ, licenza para obras de retellado de 45 m^2 dunha parte do tellado da vivenda nº 4 de Seixos, parroquia de Luou.

Expediente núm: 32/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-As obras serán as mínimas para a conservación e mantemento do uso existente que indica o artigo 103 da Lei 9/2002.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como

das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.399,95 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 28,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 88,00 euros.

2.8. A Dª. MARÍA DEL CARMEN ESTÉVEZ LÓPEZ, licenza para obras de retellado de dous cubertos de 40 m^2 en Seixos, parroquia de Luou.

Expediente núm: 33/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e as súas modificacións, cumprirase o artigo 104.c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.244,40 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 24,89 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 84,89 euros.

2.9. A D. RAMÓN MONTES VALIÑO, licenza para obras de pintado e lavado exterior da vivenda de 250 m^2 en Constenla, nº 17, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 34/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación, e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, sendo só obras de conservación.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.647,50 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 32,95 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 92,95 euros.

2.10. A D. ROBERTO VÁZQUEZ CHAN, licenza para pavimentar a cuneta que rodea á vivenda, instalando tubos de 40 centímetros de diámetro e soleira no borde da vía pública en unha superficie total de 40 m^2, na finca que indica no plano de situación, en Lamas, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 35/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Instalarase tubaría de formigón segundo as indicacións técnicas da compañía adxudicataria Aquagest, colocando arquetas sumidoiro con reixa en cantidade adecuada para evitar escorrentías pola pista pública.

-Respectaranse as aliñación oficiais e sección do viario que indica o Plan Xeral.

-Respectaranse o resto dos servizos urbanísticos existentes na zona gardando as condicións de instalacións e seguridade das compañías correspondentes.

-As obras non afectarán ao sistema de regos e drenaxes das fincas da zona.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-. As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza.

-O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.782,80 €

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 35,66 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 95,66 €.

3.- DEVOLUCIÓN DE ICIO CORRESPONDENTE Á LICENZA 178/09.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 03/03/2011 que se recolle a continuación:

*"**PROPOSTA DA ALCALDÍA***

Vista a instancia de data 11/01/2011, presentada no rexistro de entrada con nº 169/11, por Dª. Dolores Suárez Piñeiro, DNI nº 33069431-P, pola que solicita modificación da licenza de obra para acondicionamento da súa vivenda, concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 06/07/2009, así como a devolución do ICIO correspondente.

Visto o informe do arquitecto técnico D. Enrique Eijo Blanco, de data 24/02/2011 segundo o cal as obras amparadas na licenza de obra concedida á interesada, correspondente ao expediente nº 178/09, non foron executadas na súa totalidade, realizándose exclusivamente 160 m/2 de retellado e 244 m/2 de cintado de fachada valoradas en 17.800 €.

Considerando que o presuposto de execución material das obras solicitadas inicialmente ascendía a 64.710,00 €, polas que se lle liquidou un ICIO de 1.294,20 €.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto, de data 02/03/2011, segundo o cal a cota tributaria do ICIO que se liquidou figura ingresada, na conta do Concello con data 29/07/2009 e procede a devolución do ICIO correspondente a parte da obra non executada.

Considerando o disposto nos artigos 31,32 e 221 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 91 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, RX PAC.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Modificar a licenza de obra, concedida pola Xunta de Goberno Local de 06/07/2009, expediente nº 178/09, a petición da parte interesada, que queda limitada as obras realmente executadas, consistentes en 160 m/2 de retellado e 244 m/2 de cintado de fechada, que se valoran en 17.800,00 €.

2º.-Aprobar a devolución da parte proporcional da cota tributaria do ICIO, relativo á obra non executada, a favor da interesada, Dª Dolores Suárez Piñeiro, por importe de 938,20€.

3º.-Notificar este acordo á interesada, dando traslado do mesmo aos servizos económicos e urbanísticos municipais aos efectos oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.- Modificar a licenza de obra, concedida pola Xunta de Goberno Local de 06/07/2009, expediente nº 178/09, a petición da parte interesada, que queda limitada as obras realmente executadas, consistentes en 160 m/2 de retellado e 244 m/2 de cintado de fechada, que se valoran en 17.800,00 €.

2º.-Aprobar a devolución da parte proporcional da cota tributaria do ICIO, relativo á obra non executada, a favor da interesada, Dª Dolores Suárez Piñeiro, por importe de 938,20€.

3º.-Notificar este acordo á interesada, dando traslado do mesmo aos servizos económicos e urbanísticos municipais aos efectos oportunos.

4.-PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto, preséntase unha proposta, de data 04/03/2011, relativa á prórroga do contrato sobre o servizo de organización e xestión do punto limpo do concello de Teo de data 15/09/2006.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o contrato subscrito entre o Concello de Teo e a empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. CIF B-15467962, para o servizo de organización e xestión do punto limpo do concello de Teo de data 15/09/2006.

Visto o escrito presentado pola citada empresa mediante o que solicita a prorroga do contrato asinado para a prestación do citado servizo.

Considerando que a cláusula 3) do Prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato establece:

"A duración do contrato será de cinco anos,contados dende a formalización do mesmo. O Contrato será prorrogable de forma automática por períodos de cinco anos ata un máximo de quince anos, salvo denuncia expresa formulada por unha das partes cunha antelación mínima de seis meses na data de finalización do período en vigor."

Considerando que o referido contrato foi asinado o 15 de setembro de 2006, polo que o período de cinco anos iniciais remata o 14 de setembro de 2011, e que subsisten as necesidades que no seu día motivaron a contratación do servizo.

En aplicación do establecido na disposición adicional segunda da LCSP, en concordancia coa Resolución da Alcaldía 248/10 de 15 de abril, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

***PROPOÑO** Á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos.*

Primeiro.- *Non denunciar o contrato asinado coa empresa* ***COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. (COREGAL)*** *CIF B-15467962, para a XESTIÓN DO PUNTO LIMPO do concello de Teo, prorrogándoo por cinco anos de acordo co establecido na cláusula 3) do prego de cláusulas administrativas.*

Segundo.- *Notificar este acordo á empresa adxudicataria, dándolle traslado á Intervención Municipal aos efectos oportunos.".*

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Non denunciar o contrato asinado coa empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L. (COREGAL) CIF B-15467962, para a XESTIÓN DO PUNTO LIMPO do concello de Teo, prorrogándoo por cinco anos de acordo co establecido na cláusula 3) do prego de cláusulas administrativas.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, dándolle traslado á Intervención Municipal aos efectos oportunos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE MARZO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 21 de marzo de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

Non asiste, previa excusa:

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora acctal: D.ª Manuela Barcia Vázquez

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 28/02/2011.**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS.**
3. **CONTRATACIÓN: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº9 DO CENTRO SOCIOCULTURAL TRANSPORTABLE E ACONDICIONAMENTO DE ZONAS VERDES E DEPORTIVAS. (FEESL).**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
5. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 28/02/2011.

Acta da sesión extraordinaria do día 28 de febreiro de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 28/02/2011

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. OSCAR BARREIRO CASAL, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar nas parcelas 140 e 141 de Bouñou, parroquia de Raris, segundo proxecto redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente.

Expediente núm: 36/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado redactado polo arquitecto Amancio Losada Vicente: Proxecto básico e proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 04/03/2011.

Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 197.1 da Lei 9/02). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación e lexislación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º) Aprobar as bases da segunda convocatoria das axudas de ensino e transporte 2010/2011 que de seguido se reflicten:

BASES REGULADORAS DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2010/2011

- **Primeira. Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da presente convocatoria de axudas favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Teo.

- **Segunda. Destinatarios/as e requisitos.**

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA E INFANTIL: todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, Calo e CRA)

-ESO: IES de Cacheiras e Pontepedriña

-FP: calquera centro público

-BACHARELATO: IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.

-UNIVERSITARIOS: calquera universidade galega

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base quinta da presente convocatoria.
c) Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente. Consideraranse fillos dependentes os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2009.
d) Xustificante da matrícula do/a alumno/a para o curso 2010/2011 (agás alumnos/as de Primaria, Infantil e ESO).
e) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como estar ao corrente das súas obrigas coa facenda municipal.
f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores.
g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte o alumnado de:
    a. Formación Profesional
    b. Universitarios
    c. Alumnado de Bacharelato que curse estudios no IES de Pontepedriña, ou noutro IES nalgunha modalidade que non se imparta no muncipio.

- **Terceira. <u>Solicitudes e documentación necesaria.</u>**

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que poderá obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: www.concellodeteo.com

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte **documentación**:

- ✓ Fotocopia do DNI do solicitante (pai, nai ou titor).
- ✓ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- ✓ Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2009 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditala mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
- ✓ Facturas que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso.
- ✓ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo para o alumnado de Bacharelato, F.P. e universitarios.
- ✓ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- ✓ Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2010 dalgún membro da unidade familiar, se procede.

No caso de que os documentos e información requirida nesta convocatoria estean en poder de calquera órgano da administración municipal, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no parágrafo f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non tivese transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

- **Cuarta. <u>Lugar e prazo de presentación das solicitudes.</u>**

a) A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas ou os sábados de 9:00 a 13:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

• **Quinta. <u>Contía das bolsas</u>**

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL	120 €
1º A 6º DE PRIMARIA,1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O.	50€
BACHARELATO, F.P., UNIVERSIDADE	200€

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da distancia entre a vivenda e o centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	**IMPORTE BOLSA**
ATA 5 KMS	75€

MAIS DE 5 E ATA 20KMS	125€
MAIS DE 20 E ATA 200KMS	200€

Para aqueles/as alumnos/as de calquera nivel educativo que acrediten minusvalía psíquica, incrementarase o importe da axuda nun 50%.

- **Sexta. <u>Valoración das solicitudes</u>**

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2009.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **<u>unidade familiar:</u>**

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2009.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	**Puntuación**
De 0 € a 4.000 €	6

De 4.001 € a 5.000 €	4
De 5.001 € a 6.000 €	2

As rendas per cápita superiores a 6.000€ non terán dereito a axuda de ensino, e as rendas per cápita superiores a 4.000€ non terán dereito a axuda de transporte.

Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2010 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

- **Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario**

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en 11.000 €, imputarase o gasto ao crédito do exercicio 2011, á aplicación orzamentaria 320/480.00.

- **Oitava. Do procedemento de concesión das axudas**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

- **Novena.-Compatibilidade**

A percepción destas axudas, será incompatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións, así como das percibidas deste Concello para o mesmo curso escolar 2010-2011. A tal efecto, o interesado deberá presentar declaración xurada doutras axudas percibidas, ou de non percibilas.

- **Décima.-Comisión avaliadora**

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

-A concelleira de Educación, Igualdade e Benestar

-A interventora municipal

-A auxiliar de Intervención

-O arquivista/bibliotecario municipal.

- **Onceava.-xustificación**

A documentación xustificativa presentarase no mesmo momento da solicitude.

-Xustificantes esixidos para as **axudas de ensino:**

ALUMNOS DE:	**TIPO DE XUSTIFICANTE**
PRIMARIA, INFANTIL E ESO	Facturas que acrediten o gasto realizado en material escolar e libros
BACHARELATO, FP, UNIVERSITARIOS	Certificado da matrícula expedido polo centro educativo

-Xustificantes esixidos para as **axudas de transporte:**

ALUMNOS DE:	**TIPO DE XUSTIFICANTE**
BACHARELATO, FP, UNIVERSITARIOS	Certificado da matrícula expedido polo centro educativo

- **Disposición derradeira**

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo do exercicio 2011. De verse

superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

Teo, 1 de abril de 2011

O ALCALDE,

Martiño Noriega Sánchez.

2º.-Ordear a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de edictos do Concello.

6.- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DOS EDIFICIOS PÚBLICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 01/04/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada no rexistro de entrada do Concello en data 22/02/2011, por D. José Ángel González Cajaraville, en calidade de administrador de Pedra Salgada S.L., adxudicataria do contrato de servizo de limpeza dos edificios públicos municipais do Concello de Teo, solicitando a revisión de prezos do contrato segundo o IPC.

Considerando que o contrato de referencia xa cumpriu un ano de execución, dende o 25/11/2009 ata o 25/11/2010.

Considerando o disposto nos artigos 77 e 78 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e a cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas, segundo os cais procede a revisión de prezos unha vez transcorrido un ano dende o inicio da prestación, sendo aplicable a revisión segundo o 85% do IPC.

Visto o informe favorable da Intervención Municipal de data 30/03/2011, segundo o cal o dereito á revisión de prezos se inicia o 01/12/2010, sendo a fórmula aplicable o 85% do IPC (índice xeral, segundo o INE, o 2,3%), que resulta ser o 1,955 %.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

1º.-Recoñecer o dereito á revisión de prezos, a partires do 01/12/2010 á adxudicataria PEDRA SALGADA S.L., sendo a fórmula aplicable o 85% do IPC xeral dende novembro de 2009 ata novembro de 2010, que resulta ser o 1,955 %.

2º.-Dar conta do presente acordo á adxudicataria PEDRA SALGADA, S.L. así como aos Servizos Económicos aos efectos oportunos.

Teo, 1 de abril de 2011.

O ALCALDE

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.-Recoñecer o dereito á revisión de prezos, a partires do 01/12/2010 á adxudicataria PEDRA SALGADA S.L., sendo a fórmula aplicable o 85% do IPC xeral dende novembro de 2009 ata novembro de 2010, que resulta ser o 1,955 %.

2º.-Dar conta do presente acordo á adxudicataria PEDRA SALGADA, S.L. así como aos Servizos Económicos aos efectos.

7.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 18 DE ABRIL DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 18 de abril 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carmen Diéguez González

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Manuela Barcia Vázquez

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 04/04/2011.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

3.- CONTRATACIÓN:

3.1. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRAS "AMPLIACIÓN E REFORMA DA CASA CONSISTORIAL DE TEO, FASE 1 (1ª SEPARATA)".

3.2. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 04/04/2011.

Acta da sesión ordinaria do día 4 de abril de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 04/04/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. ROSA MARÍA LIÑARES GIMÉNEZ, licenza para obras de cerre con muro de 130 ml., na finca 43-1 de Osebe, parroquia de Calo.

Expediente núm: 63/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre situarase na aliñación oficial á distancia de 6 metros ao eixe da pista pública que indica o artigo 140.4 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.

-A rampla de acceso farase pavimentada na mesma cota que a pista, instalando una tubaría de 40 centímetros de diámetro mínimo pegada ao portal de acceso.

-Farase a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica a normativa vixente.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.

-Os novos valos de parcela, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 4.044,30 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 80,89 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 140,89 euros.

2.2. A D. JESÚS PAN REY, licenza para obras de cerre de 32 ml., con postes e tela metálica, na finca Mondelo, nº 8, segundo plano de situación, parroquia de Calo.

Expediente núm: 64/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre situarase na aliñación oficial ás distancias de 10 metros ao eixe da pista pública principal, a 8 metros da secundaria segundo as aliñacións oficiais do PXOM e a 6 metros do resto das pistas de acordo co artigo 140.4 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.

-A rampla de acceso farase pavimentada na mesma cota que a pista, instalando una tubaría de 40 centímetros de diámetro mínimo pegada ao portal de acceso.

-Farase a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica a normativa vixente.

-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.

-Executarase de acordo coa solicitude sendo as condicións dos cerres no PXOM as seguintes: Os novos valos de parcela, estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 995,52 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 19,91 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 71,91 euros.

2.3. A D. MANUEL PEROL AMBRUÑEIRAS, licenza para obras de cerre parcial de finca, entre lindeiros, de 22 ml., na finca nº 1556, en Ledín, nº 80, parroquia de Calo.
Expediente núm: 65/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Utilizaranse materiais de acabado segundo o artigo 104 da Lei 9/2002 e o PXOM.
-O cerre estará constituido por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo acadar 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 684,42 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 13,69 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 73,69 euros.

2.4. A Dª. MARÍA ISABEL SISTO GRAÑA, licenza para obras de substituir tella na casa e cubertos, cambiar alicatado no baño e cociña, substituir porta da entrada e ventás e instalar calefacción (de acordo co presuposto presentado), na edificación situada en San Domingo, 18, parroquia de Calo.

Expediente núm: 66/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-As obras serán as mínimas para a conservación e mantemento do uso existente nas zonas da edificación situadas fora de ordenación de acordo co plano de aliñación do PXOM vixente.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase o artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-No caso de realizar obras maiores, presentará o correspondente proxecto técnico e documento de cesións obrigatorias de acordo coa lexislación vixente.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 14.302,93 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 286,06 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 346,06 euros.

2.5. A D. MANUEL LÓPEZ IGLESIAS, licenza para obras de retellado da vivenda de 77 m^2, con obras mínimas para conservación da edificación, con tella do pais para evitar humidades, en Fornelos, nº 79, parroquia de Raris.
Expediente núm: 67/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.
-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.
-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como

das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe. De tal xeito, empregarase tella cerámica curva pais, quedando prohibido o emprego de pranchas de fibrocemento agás que sexan recubertas coa propia tella.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase o artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 2.395,47 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 47,91 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 107,91 euros.

2.6. A D. JOSÉ ANTONIO SOUTO GONZÁLEZ, licenza para obras de mantemento e pintado da casa, segundo presuposto, na edificación situada en Vilar, nº 61, parroquia de Teo.

Expediente núm: 68/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán á estructura da mesma.

-Dará cumprimento das condicións da autorización de Patrimonio.

-Manteranse estrictamente as características da construción, pendentes da cuberta e tipoloxías actuais, empregando tella cerámica curva do pais.

-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase o artigo 104.c), onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 1.500,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 30,00 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 90,00 euros.

2.7. A D. ANTONIO CALVO ARGONES, licenza para obras de pavimentar con soleira de formigón de plaqueta a parte posterior da vivenda de uns 9x13 metros, para sanear a zona, na edificación situada en Francos, nº 100, segundo plano de situación, parroquia de Calo.
Expediente núm: 69/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Non se modificará a rasante do terreo e as obras serán as mínimas para sanear a zona.
-As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo.
-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa

formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.778,40 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 35,57 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 95,57 euros.

3.- CONTRATACIÓN:

3.1. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRAS "AMPLIACIÓN E REFORMA DA CASA CONSISTORIAL DE TEO, FASE 1 (1ª SEPARATA)".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 15/04/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. Luis A. García Gutiérrez, como apoderado de OVIGA, S.L., de devolución da garantía definitiva constituída para a obra "AMPLIACIÓN E REFORMA DA CASA CONSISTORIAL DE TEO, FASE 1 (1ª SEPARATA)",

Visto o informe favorable da Intervención de data 14/04/2011.

E, en aplicación do artigo 90 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público (LCSP), e o art. 65 do RD 1098/2001,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 12.736,80 €, constituída por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. e KOTLAS S.L., conxunta e solidariamente, correspondente ao contrato de obras "AMPLIACIÓN E REFORMA DA CASA CONSISTORIAL DE TEO, FASE 1 (1ª SEPARATA)", e a devolución da mesma ao adxudicatario.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais.

Teo, 15 de abril de 2011

O Alcalde

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

1º.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 12.736,80 €, constituída por OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. e KOTLAS S.L., conxunta e solidariamente, correspondente ao contrato de obras "AMPLIACIÓN E REFORMA DA CASA CONSISTORIAL DE TEO, FASE 1 (1ª SEPARATA)", e a devolución da mesma ao adxudicatario.

2º.- Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais.

3.2. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 14/04/2011 que se recolle a continuación:

"*Visto o expediente de contratación incoado por Providencia desta Alcaldía de data 28/03/2011, para adxudicar a xestión do servizo das ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CALO, OS TILOS E A RAMALLOSA.*

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Prego de cláusulas administrativas particulares de 8/04/2011
- Prego de prescripcións técnicas de 8/04/2011
- Certificado de existencia de crédito de 4/04/2011
- Informe de Adxunta a Secretaría de 12/04/2011
- Informe de Intervención de 12/04/2011

Considerando o disposto nos artigos 93, 94, 122 e 126 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e sendo competencia da Xunta de Goberno Local a adopción deste acordo, segundo o establecido na disposición adicional segunda da citada Lei e no Decreto da Alcaldía de 15/04/2010 (248/2010).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Aprobar o expediente de contratación da xestión, mediante concesión, do servizo de "ESCOLAS INFANTÍS DE CALO, OS TILOS E A RAMALLOSA", mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación.*

***Segundo**.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, de 8/04/2011, incorporados ao expediente e que rexerán a contratación.*

Terceiro.- *Aprobar o gasto correspondente ós meses do presente exercicio, por importe de 191.167.- € IVE excluído, con cargo á partida orzamentaria 320/227.99 do estado de gastos do vixente orzamento do Concello.*

Cuarto.- *Dispoñe-la apertura do procedemento de licitación, mediante procedemento aberto, publicando o anuncio de licitación no BOP de A Coruña e no perfil do contratante do Concello.*"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da xestión, mediante concesión, do servizo de "ESCOLAS INFANTÍS DE CALO, OS TILOS E A RAMALLOSA", mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, de 8/04/2011, incorporados ao expediente e que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente ós meses do presente exercicio, por importe de 191.167.- € IVE excluído, con cargo á partida orzamentaria 320/227.99 do estado de gastos do vixente orzamento do Concello.

Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento de licitación, mediante procedemento aberto, publicando o anuncio de licitación no BOP de A Coruña e no perfil do contratante do Concello.

4. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE MAIO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 2 de maio de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Sisto Edreira

D.ª Carme Hermida Gulías

D. Andrés Fernández Martínez

D. Ángel Manuel Rey Martínez

NoN asiste, previa excusa:

D.ª Carmen Diéguez González

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Manuela Barcia Vázquez

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18/04/2011**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **DACIÓN DE CONTA DE INFORME XURÍDICO SOBRE SEGREGACIÓNS EN SOLO DE EXTENSIÓN DE NÚCLEO**
4. **DEVOLUCIÓN DE AVAIS URBANÍSTICOS**

5. **CONTRATACION: CANCELACIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA**
6. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
7. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. Alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18/04/2011.

O Sr. Alcalde pregúntalle aos Sres/as. Concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 18/04/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presente e por delegación da Alcaldía (Resolución 257/07 e Resolución 248/10), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa e máis a achega das autorizacións sectoriais pertinentes. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A Dª. MARÍA BOQUETE VIDAL e D. ÁNGEL SIXTO SANTOS, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Penelas, parroquia de Cacheiras, segundo proxecto redactado polo arquitecto José Manuel Arias Illanes.

Expediente núm: 70/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado redactado polo arquitecto José Manuel Arias Illanes: Proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 24/02/2011. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.

- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: N1 NÚCLEO RURAL TRADICIONAL.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: José Manuel Arias Illanes.

-Arquitecto técnico director: Juan Carlos Rodríguez García.

-Coordinador de seguridade e saúde: Juan Carlos Rodríguez García.

-Edificabilidade: 0,16 m^2/m^2.

-Altura máxima: B, 4,05 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 12,00%. Recuamento á aliñación: >10 m. da aliñación. Recuamento a lindeiros: 4,00 m. Pendente máxima de cuberta: 30º. Altura do cumio: 3,50 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.

-Presuposto: 70.000,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1.400,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 1.580,00 euros.

2.2. A D. MIGUEL PAZOS IGLESIAS, licenza para obras de cerre de 380 ml., nas fincas 63 e 67 de Eio dos Ferreiros, parroquia de Oza.

Expediente núm: 71/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre situarase á distancia de 6 metros ao eixe das pistas públicas que indica o artigo 140.4 do PXOM, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre. Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica a normativa vixente.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, procedendo á formalización do contrato en documento administrativo no prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co establecido no Prego de cláusulas administrativas.

Cuarto.- Notificar o presente aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolle os recursos procedentes, autorizando a devolución da garantía provisional constituída por eles, dándolle traslado á intervención municipal aos efectos oportunos.

<u>Quinto</u>.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 138 da LCSP.

<u>Sexto.-</u> Comunicar os datos do contrato ao rexistro de contratos do sector público de conformidade co establecido no artigo 308.3 da LCSP.

7. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

7.1. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, BENESTAR SOCIAL E DE TEMPO LIBRE DO CONCELLO DE TEO DURANTE O ANO 2010.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17/08/2011 que se recolle a continuación:

"<u>PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES DE CARÁCTER EDUCATIVO, BENESTAR SOCIAL E TEMPO LIBRE DO CONCELLO DE TEO POLAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2010.</u>

Vista a proposta de concesión de subvencións que con data de 18/07/2011 formulou a Comisión de Valoración das subvencións ás entidades de carácter educativo, benestar social e tempo libre do concello de teo en base ao disposto no artigo 8 das "*Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións ás entidades de carácter educativo, asociacións de pais e nais, asociacións promotoras da igualdade de xénero e asociacións que desenvolvan actividades no ámbito dos servizos sociais, sen ánimo de lucro, polas actividades realizadas durante o ano 2010"***,** aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21/02/2011 e publicadas no BoletÍn Oficial da Provincia do 14/03/2011.

Considerando que a citada Comisión de Valoración acordou excluir ás entidades ANPA IES do Instituto de Cacheiras e o CRA de Teo por non atender ao requerimento de presentación de documentación complementaria, acordando tamén non ter en conta a solicitude presentada polo ARC OS TILOS porque as actividades que desenvolve xa foron obxecto de subvención nominativa no mesmo período temporal.

Considerando que a citada Comisión de Valoración acordou igualmente excluir á asociación Mulleres Rurais de Teo, porque pese a requerírselle a memoria da actividade e o CIF da asociación, non aporta este último ao considerar que xa se atopa no expediente da asociación.

Considerando, tratándose desta última exclusión, o disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Considerando que a Comisión de Valoración acordou outorgar a cada punto un valor de 204,72€.

Considerando que de acordo co artigo 14.1e) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, son obrigas dos beneficiarios, entre outras, acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Visto o informe da intervención municipal de 17/08/11, incoporado ao expediente.

En virtude do exposto e de acordo coa documentación obrante no expediente, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder ás entidades de carácter educativo, benestar social e de tempo libre do concello de Teo que se detallan a continuación, as subvencións que así mesmo se indican polas actividades realizadas durante o ano 2010, en base aos puntos acadados por cada unha delas conforme se detalla a continuación:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN	PUNTOS
IES CACHEIRAS	1.586,58 €	7.75
CEIP IGREXA CALO	716.52 €	3.50
CEIP A RAMALLOSA	1.023,60 €	5.00
CEIP OS TILOS	409,44 €	2.00
ANPA COBAS	3.480,24 €	17.00
ANPA RÍO TELLA	3.173,60 €	15.50
ANPA A RABADELA	3.377,88 €	16.50
ASPAMITE	4.401,48 €	21.50
A.C. CRUCEIRO DE MONTE	3.684,96 €	18.00
O CACHÓN	2.098,38 €	10.25
TEENSES POLA IGUALDADE	614,16 €	3.00
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE TEO	818,88 €	4.00

Segundo.- Requerir ás entidades citadas para que, con carácter previo ou simultáneamente á xustitificación das actividades, aporten certificación da AEAT e da Seguridade Social acreditativa de atoparse ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa seguridade social.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ás entidades beneficiarias, con sinalamento dos recursos procedentes, informándolle que deberán realizar a xustificación da subvencións de acordo co disposto na bases reguladoras (base 11) da mesmas.

Cuarto.- Dar traslado do presente, xunto co expediente completo, aos Servizos económicos municipais para a xestión do mesmo.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Conceder ás entidades de carácter educativo, benestar social e de tempo libre do concello de Teo que se detallan a continuación, as subvencións que así mesmo se indican polas actividades realizadas durante o ano 2010, en base aos puntos acadados por cada unha delas conforme se detalla a continuación:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN	PUNTOS
IES CACHEIRAS	**1.586,58 €**	**7.75**
CEIP IGREXA CALO	**716.52 €**	**3.50**
CEIP A RAMALLOSA	**1.023,60 €**	**5.00**
CEIP OS TILOS	**409,44 €**	**2.00**
ANPA COBAS	**3.480,24 €**	**17.00**

ANPA RÍO TELLA	**3.173,60 €**	**15.50**
ANPA A RABADELA	**3.377,88 €**	**16.50**
ASPAMITE	**4.401,48 €**	**21.50**
A.C. CRUCEIRO DE MONTE	**3.684,96 €**	**18.00**
O CACHÓN	**2.098,38 €**	**10.25**
TEENSES POLA IGUALDADE	**614,16 €**	**3.00**
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE TEO	**818,88 €**	**4.00**

Segundo.- Requerir ás entidades citadas para que, con carácter previo ou simultáneamente á xustitificación das actividades, aporten certificación da AEAT e da Seguridade Social acreditativa de atoparse ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa seguridade social.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ás entidades beneficiarias, con sinalamento dos recursos procedentes, informándolle que deberán realizar a xustificación da subvencións de acordo co disposto na bases reguladoras (base 11) da mesmas.

Cuarto.- Dar traslado do presente, xunto co expediente completo, aos Servizos económicos municipais para a xestión do mesmo.

7.2. SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS, CLUBES DEPORTIVOS E DEPORTISTAS FEDERADOS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO 2010. CORRECCIÓN DE ERRO ARITMÉTICO.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 17/08/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o escrito da Sociedade Deportivo-Cultural Recesende de 7 de xullo de 2011 (rex. entrada nº 6.453, de 08/07/11), no que pon de manifesto que, recibida a "proposta de concesión de subvención a entidades deportivas, clubes deportivos e deportistas federados por actividades realizadas no 2010" aprobada pola Xunta de Goberno Local, non está de acordo coa mesma, ao verse perxudicada por unha drástica reducción na contía a percibir en comparación coa recibida no exercicio anterior, entendendo que dita reducción non se atribúe unicamente a unha diminución no montante total das subvencións, xa que observa que este reducción non se produce de forma proporcional nas cantidades propostas para outras entidades, clubes ou deportistas.

Considerando que no escrito citado a Sociedade Deportivo-Cultural Recesende solicita que sexan revisados os criterios de puntuación que se lle aplicaron para a concesión de ditas subvencións, co obxecto de clarificar a razón da baixa puntuación asignada a dito clube.

Visto o informe do concelleiro de deportes de 17/08/2011, segundo o cal a Comisión de Valoración da Subvención á que se refire o presente, formulou con data de 05/04/2011, unha proposta de concesión resultante de aplicar os criterios establecidos nas bases para a concesión de subvencións, detectándose, unha vez revisadas as puntuacións correspondentes a S.D.C. Recesende, un erro aritmético na puntuación obtida no criterio relativo ao número de fichas ou licenzas, de maneira que lle corresponden, por este concepto, tres puntos en lugar dos dous inicialmente asignados.

Considerando que, en virtude do exposto e de acordo co informe citado, a puntuación total correspondente á S.D.C Recesense é de 8 puntos fronte aos 7 inicialmente asignados, correspondéndolle 924,80 €, e non os 809,20 € inicialmente concedidos.

Considerando que esta proposta de correción do erro aritmético detectado daría lugar a unha variación do valor punto, segundo as bases da convocatoria, debe en todo caso terse en conta a existencia de consignación orzamentaria suficiente ao efecto, non resultando, por razóns de economía organizativa e para non afectar aos dereitos adquiridos polas entidades beneficiarias da subvención, conveniente levar a cabo a citada variación.

En virtude do exposto, e de acordo co previsto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Correxir o erro aritmético detectado na proposta da Comisión de Valoración das subvencións a entidades deportivas, clubes deportivos e deportistas federados por actividades realizadas no 2010, e por ende, no acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2011, debéndose outorgar á S.D.C Recesende un total de 8 puntos que se corresponderían cun total de 924,80 € en vez dos 809,20 € incialmente aprobados.*

***Segundo**.- Notificar o presente á sociedade interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.*

***Terceiro**.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

En Teo, a 17 de agosto de 2011.

O alcalde

Martiño Noriega Sánchez"

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Correxir o erro aritmético detectado na proposta da Comisión de Valoración das subvencións a entidades deportivas, clubes deportivos e deportistas federados por actividades realizadas no 2010, e por ende, no acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2011, debéndose outorgar á S.D.C Recesende un total de 8 puntos que se corresponderían cun total de 924,80 € en vez dos 809,20 € incialmente aprobados.

<u>Segundo</u>.- Notificar o presente á sociedade interesada, con sinalamento dos recursos procedentes.

<u>Terceiro</u>.- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde acctal A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira Virginia Fraga Díaz

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 05 DE SETEMBRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 13:10 horas do día 05 de setembro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

Non asiste, previa excusa:

D. Angel Manuel Rey Martínez

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora: D.ª Manuela Barcía vázquez

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **LICENZAS URBANÍSTICAS.**
2. **CONTRATACIÓN: DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS.**
3. **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DAS BASES E CONVOCATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2011-2012.**
4. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**
5. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda conceder a seguinte relación de licenzas. As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.
As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

1.1. A Dª. JOSEFINA RODRÍGUEZ MATEO, licenza para construción dunha vivenda unifamiliar na parcela nº 426-02, Martingo, parroquia de Luou, segundo proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría.
Expediente núm: 200/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
- A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría: Proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos con data 15.07.2011. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de

iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

- Antes do inicio das obras formalizarase acta de comprobación do replanteo da aliñación asinado polos técnicos directores das obras, promotor, contratista e o técnico municipal designado.
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcadía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Constituirase garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles desperfectos que a execución das obras poidan causar na vía pública ou servizos municipais.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do productor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Cando a obra estea rematada o propietario porao en coñecemento do Concello solicitando a obrigatoria licenza de primeira ocupación, se fora necesaria, acompañada polo certificado final de obra asinado polos técnicos directores da obra, que acredite a súa realización de acordo co proxecto aprobado. Entenderase que a obra está acabada cando se retirasen os materiais sobrantes, estadas, barreiras e elementos auxiliares, e se atopen correxidos os desperfectos ocasionados na vía pública ou nos servizos municipais. A Autoridade Municipal non concederá a alta nos servizos municipais, nin autorizará a apertura de establecementos mentres non se acredite que as obras se executaron con suxeición ás condicións da licenza de construción, e obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

.- As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para tal efecto:

a) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos limiten o campo visual para comtempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perpectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

b) A tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

c) Queda prohibida a publicidade estática que, polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

Parámetros da obra permitidos:

-Clasificación do solo: N2 EXPANSIÓN DE NÚCLEO RURAL.

-Tipoloxía edificatoria: EDIFICACIÓN ILLADA

-Usos: VIVENDA UNIFAMILIAR

-Arquitecto director das obras: Francisco Javier Fernández Echeverría.

-Arquitecto técnico director: Enrique Perol Rama.

-Coordinador de seguridade e saúde: Enrique Perol Rama.

-Edificabilidade: 0,19 m^2/m^2.

-Altura máxima: B+1+BC, 6,05 m.

-.Posición da edificación: Ocupación máxima: 10,30%. Recuamento á aliñación: 6,65 m. da aliñación. Recuamento a lindeiros: 3,00 m. Pendente máxima de cuberta: 16º. Altura do cumio: 2,57 m. Aproveitamento baixo cuberta: Si.

-Presuposto: 113.987,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 2.279,74 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

-. Cartel indicador: 120,00 €.

Total: 2.459,74 euros.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE

TOMA DE COÑECEMENTO

1.2.- Dada conta do escrito asinado por **D. RAUL CEMBRERO FUCIÑOS** e por **Dª. SONIA RUÍZ MALLO**, de data 31/08/2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 7566, no que se solicita que a licenza urbanística nº 184/11, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22/08/2011 a Dª. Sonia Ruíz Mallo, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Montes, parcela 7, parroquia de Cacheiras, figure tamén a nome de D. Raul Cembrero Fuciños; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11) acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística nº 184/11, pasando a nome de Dª. SONIA RUÍZ MALLO e D. RAUL CEMBRERO FUCIÑOS (expte. CT-3/2011), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.

O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

2. CONTRATACIÓN: DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 02/09/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude presentada por D. Anxo Fiaño Soneira, con NIF 33.299.611G, en representación de HERMANOS VIGO OTERO, S.L., con CIF B15.275.746, de devolución da garantía definitiva constituída para a obra "CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN A RAMALLOSA (TEO)".

Visto o informe favorable da Intervención municipal de data 02/09/2011.

E, en aplicación do artigo 90 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector público (LCSP), e o art. 65 do RD 1098/2001,

***PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro**.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 16.294,79 €, constituída por HERMANOS VIGO OTERO, S.L., correspondente ao contrato da obra "CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN A RAMALLOSA (TEO) ", e a devolución da mesma ao interesado.*

***Segundo**.- Dar conta do presente acordo ao interesado, así como á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais*."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación da garantía definitiva por importe de 16.294,79 €, constituída por HERMANOS VIGO OTERO, S.L., correspondente ao contrato da obra "CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN A RAMALLOSA (TEO) ", e a devolución da mesma ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao interesado, así como á Tesouraría municipal para a súa anotación no libro de avais.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACION DAS BASES E CONVOCATORIA DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE 2011-2012.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 02/09/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Teo 2011/2012

Téndose redactado as Bases reguladoras da Convocatoria de Axudas de Ensino e Transporte para o curso académico 2011/2012 e unha vez emitido o informe de fiscalización pola Intervención Municipal, propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2011/2012 que de seguido se reflicten:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE DO CONCELLO DE TEO 2011/2012

- **Primeira.** ***Obxecto da convocatoria.***

É obxecto da presente convocatoria de axudas favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Teo.

- **Segunda.** ***Destinatarios/as e requisitos.***

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA E INFANTIL: todos os centros públicos do Concello (CEIP A Ramallosa, Os Tilos, Calo e CRA)

-ESO: IES de Cacheiras e Pontepedriña

-FP: calquera centro público

-BACHARELATO: IES de Cacheiras , IES de Pontepedriña e o alumnado que curse noutro IES algunha modalidade de Bacharelato que non exista nos centros anteriores.

-UNIVERSITARIOS: calquera universidade galega

-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.

b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base quinta da presente convocatoria.

c) Estar empadroado no Concello de Teo e ser fillo dependente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente. Consideraranse fillos dependentes os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2011.

d) Xustificante da matrícula do/a alumno/a para o curso 2011/2012 (agás alumnos/as de Primaria, Infantil e ESO).

e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores.

g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte o alumnado de:

   a. Formación Profesional
   b. Universitarios
   c. Alumnado de Bacharelato que curse estudios no IES de Pontepedriña, ou noutro IES nalgunha modalidade que non se imparta no municipio.
   d. Alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros de educación especial e talleres ocupacionais de fora do Concello.

- **Terceira. *Solicitudes e documentación necesaria.***

a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Teo ou ben a través da páxina web: www.concellodeteo.com

b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte **documentación**:

✓ Fotocopia do DNI do solicitante (pai, nai ou titor).

✓ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

✓ Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2010 dos pais ou titores legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditala mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.

✓ Facturas que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros para o alumnado de primaria, infantil e E.S.O. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso.

- ✓ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo para o alumnado de Bacharelato, F.P. e universitarios.
- ✓ Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- ✓ Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2011 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- ✓ Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo Anexo II.
- ✓ Declaración xurada doutras axudas percibidas para o mesmo fin, ou de non percibilas, segundo Anexo III.

- **Cuarta.** ***Lugar e prazo de presentación das solicitudes.***

a) A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Teo, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas ou os sábados de 9:00 a 13:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
b) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

• **Quinta.** ***Contía das bolsas***

O Concello de Teo aboará as bolsas aos beneficiarios que reúnan todos os requisitos previstos na base segunda e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base terceira.

Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

CURSO	IMPORTE DA AXUDA
EDUCACIÓN INFANTIL	100 €
1º A 6º DE PRIMARIA,1º, 2º, 3º E 4º DA E.S.O.	80 €

BACHARELATO, F.P., UNIVERSIDADE	200€

Os importes das axudas de transporte, por alumno e curso determinaranse en función da distancia entre a vivenda e o centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

DISTANCIA EN KMS	IMPORTE BOLSA
ATA 5 KMS	75€
MAIS DE 5 E ATA 20KMS	125€
MAIS DE 20 E ATA 200KMS	200€

Para aqueles/as alumnos/as de calquera nivel educativo que acrediten minusvalía psíquica, incrementarase o importe da axuda nun 50%.

- **Sexta. *Valoración das solicitudes***

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2010.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar:**

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2011.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar	Puntuación
De 0 € a 4.000 €	6
De 4.001 € a 5.000 €	4
De 5.001 € a 6.000 €	2

As rendas per cápita superiores a 6.000€ non terán dereito a axuda de ensino, e as rendas per cápita superiores a 4.000€ non terán dereito a axuda de transporte.

Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) Si algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2011 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

- **Sétima. *Importe máximo e crédito orzamentario***

O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en 31.000 €, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do exercicio 2012, á aplicación orzamentaria 320/480.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

- **Oitava. *Do procedemento de concesión das axudas***

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 6ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva que será

fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

- **Novena.-*Compatibilidade***

A percepción destas axudas, será incompatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións, a tal efecto, o interesado deberá presentar declaración xurada doutras axudas percibidas, ou de non percibilas.

- **Décima.-*Comisión avaliadora***

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

-A concelleira de Educación

-A interventora municipal

-A auxiliar de Intervención

-O concelleiro de Benestar social e Igualdade.

- ***Onceava.-xustificación***

A documentación xustificativa presentarase no mesmo momento da solicitude.

-Xustificantes esixidos para as **axudas de ensino:**

ALUMNOS DE:	**TIPO DE XUSTIFICANTE**
PRIMARIA, INFANTIL E ESO	Facturas que acrediten o gasto realizado en material escolar e libros
BACHARELATO, FP, UNIVERSITARIOS	Certificado da matrícula expedido polo centro educativo

-Xustificantes esixidos para as **axudas de transporte:**

ALUMNOS DE:	**TIPO DE XUSTIFICANTE**
BACHARELATO, FP, UNIVERSITARIOS	Certificado da matrícula expedido polo centro educativo

- ***Disposición derradeira***

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Teo para o ano 2012 (como tramitación anticipada de gasto). De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes."

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE - CONVOCATORIA PÚBLICA CURSO 2011/2012

DATOS DO/DA SOLICITANTE (PAI/NAI-TITOR/TITORA)

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
Nº DE CONTA BANCARIA	

DATOS DO/A ALUMNO/A

NOME E APELIDOS	
CURSO	
CENTRO DE ESTUDOS	

AXUDA SOLICITADA:	☐ **AXUDA DE ENSINO** ☐ **AXUDA DE TRANSPORTE**

- **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

☐ Fotocopia do DNI do/da solicitante (pai/nai-titor/titora).

☐ Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

☐ Declaración responsable segundo Anexo II

☐ Declaración xurada segundo Anexo III

Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda):

☐ Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2010.

☐ Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2010.

☐ Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

- **DOCUMENTACIÓN <u>COMPLEMENTARIA</u> QUE SE ACHEGA** (marque cun x):

☐ Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).

☐ Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede).

- **XUSTIFICACIÓN <u>OBRIGATORIA</u> DAS AXUDAS DE ENSINO E TRANSPORTE:**

☐ Facturas do gasto realizado en material ou libros (alumnado de Primaria, Infantil e ESO)

☐ Certificado da matrícula expedido polo centro educativo (Bacharelato, FP e universitarios/as).

Teo, ...de .....de 2011

Asdo.: .....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.ª_____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a alumno/a_____, declaro:

1.-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condicion de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

En _____, a día _____ de _____ de 2011

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

D./D.ª_____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a alumno/a_____, declaro:

De acordo coa base reguladora novena da Convocatoria de axudas para o ensino e o transporte do Concello de Teo 2011/2012, declaro baixo xuramento (marque cun X a opción elixida):

☐ Que recibín outras axudas coa mesma finalidade procedentes de …….e por importe de ……€

☐ Que non recibín outras axudas coa mesma finalidade.

En _____, a día _____ de _____ de 2011

Asdo.: _____

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria de axudas para o ensino e o transporte 2011/2012 arriba transcritas.

Segundo.- Ordenar a publicación das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal."

4. - PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde A secretaria xeral

Martiño Noriega Sánchez Virginia Fraga Díaz

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 19 DE SETEMBRO DE 2011 -

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as 14:10 horas do día 19 de setembro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Martiño Noriega Sánchez, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Martiño Noriega Sánchez

Concelleiros/as:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

D.ª María do Carme Hermida Gulías

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D. Angel Manuel Rey Martínez

Non asiste, previa excusa:

D.ª Maria Carmen Álvarez Garea

Arquitecto: D. Ignacio Soto González

Interventora Acctal: D.ª Pilar Sueiro Castro

Secretaria: D.ª Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

1. **APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 22.08.2011**
2. **LICENZAS URBANÍSTICAS**
3. **PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
4. **ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o Sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 22.08.2011

Acta da sesión ordinaria do día 22 de agosto de 2011

O Sr. Alcalde pregúntalle aos/ás Sres/as. concellleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 22/08/2011.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Dada conta dos expedientes que se atopan pendentes de resolución, e vistos os informes técnicos e xurídicos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda conceder a seguinte relación de licenzas.

As licenzas outorganse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. Condicionadas ao cumprimento da normativa aplicable. Pagarán os interesados os importes da liquidación de dereitos devengados polos expedientes respectivos que será notificada por Secretaría e logo de acreditado o pagamento polo interesado expediranse as licenzas.

As obras executaranse de acordo coas condicións que en cada caso se establecen, segundo os informes técnicos:

2.1. A D. MANUEL GAGO RODRÍGUEZ, licenza para obras menores de reparación de fisuras, pintura exterior e reparación de beirarrúa perimetral, na edificación situada en Torre, nº 23, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 201/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Non se modificará o volume actual da edificación e as obras non afectarán a estructura da mesma.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:

-Artigo 9 b), referido aos deberes de manter en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-Artigo 104 e) as construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente rematados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezan en mellor medida a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo (Solo de expansión de núcleo N-2).

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.
-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.
-Presuposto: 10.376,13 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 207,52 €.
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.
Total: 267,52 euros.

2.2. A D. RUBÉN NOVOA MÍGUEZ, licenza para obras de cerre de 27 ml., polo fronte da finca, con bloque, poste e alambre, segundo medidas que indica no proxecto da vivenda presentado, en Vilar, nº 55, parroquia de Cacheiras.

Expediente núm: 202/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-O cerre situarase na aliñación oficial que sinala o Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Teo, situando a base na mesma cota que a pista e desprazando a cuneta ata o borde do cerre.

-Fará a cesión regulamentaria polo fronte da vía que indica o artigo 20 do PXOM e normativa vixente.

-Dará cumprimento das condicións xerais de estética e integración ambiental que indica o artigo 103 do PXOM.

-En solo urbano e de núcleos rurais os novos valos de parcela estarán constituidos por unha banda opaca de 0,90 m. de altura máxima no punto medio, podendo chegar ata 1,20 m. no punto máis alto; poderán acadar os 1,80 m. a base de tea metálica e vexetación. A banda opaca dos cerramentos deberá executarse con materiais tradicionais da zona, non permitíndose os bloques de formigón ou outros elementos de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados nas cores tradicionais.

-Da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas posteriores modificacións, cumprirase os seguintes artigos:

-Artigo 104 c) onde os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

-No caso de muros que soporten terras ou sexan muros de contención, tramitarase previamente licenza de obras en base ao proxecto técnico que indica o artigo 195.3 da dita Lei.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 75,69 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 1,51 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 61,51 euros.

1.24. A D. AVELINO REGUEIRO LÓPEZ, licenza para obras de canalización pola cuneta pública de 110 ml. de mangueira para auga potable e cruce da pista, segundo datos da autorización de Augas de Galicia, na finca nº 73-1 a 479, Nespereira.

Expediente núm: 263/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Dará cumprimento das condicións da autorización de Augas de Galicia.

-As obras executaranse evitando danos sobre as infraestruturas públicas, respectando as canalizacións, rasantes existentes, a sección do viario que indica o Plan Xeral de Ordenación do Concello de Teo.

-A canalización situarase a unha profundidade mínima de 80 centímetros para evitar roturas por máquinas de obras públicas.

-Repoñerá o pavimento en perfectas condicións empregando os materiais coas mesmas características que o existente.

-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición por danos sobre viais públicos por importe de 300 €.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo (Solo rústico).

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 1.600,00 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 32,00 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 92,00 euros.

1.25. A D. ANTONIO GUILLERMO GONZÁLEZ RAVIÑA, licenza para obras de movemento de terras e canalización, segundo datos da autorización de Augas de Galicia na finca nº 35 (P-1) de Bamonde (Reboredo) e rampa de acceso de 3 metros na finca nº 16 de Reboredo.

Expediente núm: 264/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-As obras de movemento de terras e canalización executaranse estritamente de acordo coas condicións de Augas de Galicia.

-Dará cumprimento das normas xerais de edificación que indica o capitulo II do PXOM e da ordenanza específica para este tipo de solo (Solo rústico protección de augas R-5 na finca nº 35 e Solo de expansión de núcleo N-2 na finca nº 16).

-Na rampa de acceso á finca nº 16 de Reboredo, instalarase unha tubaría de 40 centímetros de diámetro mínimo a distancia de 5 metros do eixe da pista pública, desviando a cuneta polos tubos. Afirmarase con material adecuado.

-Pavimentarase sobre o tubo na mesma cota que a pista e con material igual ao existente no vial.

-Darase cumprimento estricto das medidas de seguridade e saúde en execución de obras que indica a normativa actualmente vixente.

Condicións das obras en relación coas vías públicas. Art 38 . PXOM

-O propietario do terreo onde se execute unha obra de calquera natureza, será responsable diante do Concello dos danos que coa súa execución poida ocasionar nas vías públicas ou servizos municipais.

-Se as obras que se executan puideran afectar a servizos de carácter xeral ou público, o propietario ou titular da licenza haberá de comunicalo por escrito e con oito días de antelación ao comezo das mesmas, ás empresas ou entidades administrativas correspondentes. Naquel prazo as empresas ou entidades deberán tomar as medidas oportunas en evitación de danos propios ou a terceiros, dos que serán responsables se finaliza o prazo anteriormente mencionado sen adoptar ditas medidas.

-Os escombros e provisións de materiais, non poderán amorearse na vía pública nin apoiados nos cercados ou muros de cerramento.

-As fachadas dos edificios públicos e privados, así como as súas medianeiras e paredes contiguas ao descuberto, deberán conservarse nas debidas condicións de seguridade, hixiene e ornato, aínda que non sexan visibles desde a vía pública.

-O propietario do terreo onde se execute calquera clase de obra está obrigado a conservar todas as partes da obra ou construción en perfecto estado de solidez, a fin de que non poidan comprometer a seguridade pública.

-Todos os andamios auxiliares da construción deberán executarse baixo dirección facultativa competente e dotaráselles das medidas necesarias para evitar que os materiais e ferramentas de traballo poidan caer á rúa, onde se colocarán os sinais de precaución que en cada caso sexan convenientes.

- En toda clase de obra, así como no uso de maquinaria auxiliar da mesma, gardaranse as medidas de seguridade e saúde no traballo esixidas pola lexislación vixente e en particular as determinadas polos correspondentes estudios e plans de seguridade e saúde, evitando no posible a ocupación da vía pública con calquera clase de maquinaria auxiliar.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 7.853,45 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 157,07 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 217,07 euros.

1.26. A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. e no seu nome e representación a D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO, licenza para obras de canalización para implantación de rede de telecomunicacións, na Urbanización As Galanas.

Expediente núm: 265/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo coa memoria presentada respetando o tipo, características e sección de zanxa.

-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.

-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 170,00 €.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 16.696,97 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 333,94 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 393,94 euros.

1.27. A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. e no seu nome e representación a D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO, licenza para obras de canalización para implantación de rede de telecomunicacións, en Rúa da Lagoa, Rúa Agro da Ramallosa e Travevía da Ramallosa.

Expediente núm: 266/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo coa memoria presentada respetando o tipo, características e sección de zanxa.

-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.

-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 300,00 €.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 30.622,97 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 612,46 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 672,46 euros.

1.28. A R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. e no seu nome e representación a D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO, licenza para obras de colocación dun armario de telecomunicacións, en Travevía da Ramallosa, nº 10.

Expediente núm: 267/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Construirase de acordo coa memoria presentada respetando o tipo, características e sección de zanxa.

-Repoñerá tódolos servizos afectados así como o pavimento e beirarrúas.

-Previo á retirada da licenza, presentará aval que garante a reposición dos béns municipais afectados por importe de 70,00 €.

-Darase cumprimento estrito das medidas de seguridade que indica a normativa actualmente vixente.

-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza (Art. 31 do PXOM), non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos por unha soa vez e por un novo prazo non superior a seis meses (art. 31.1 do PXOM), logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos. A obtención de prórroga do prazo para comezar as obras non comporta de seu prórroga do prazo de terminación daquelas.

-Conservarase durante a execución das obras, e a disposición dos técnicos ou autoridades municipais a licenza de obra e unha copia do proxecto autorizado.

-Presuposto: 684,15 €.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (provisional): 13,68 €.

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 60,00 €.

Total: 73,68 euros.

1.29. A D. JOSÉ CALDELAS DUARTE, licenza para segregación (catro parcelas) da finca nº 557 do plano de concentración parcelaria da parroquia de San Miguel de Raris, situada en Casal de Reis, segundo proxecto técnico redactado por Juan C. Vilariño Santos.

Superficie finca matriz: 3.090 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 557-A: 744 m^2. (superficie neta: 702 m^2)

-Parcela 557-B: 740 m^2. (superficie neta: 702 m^2)

-Parcela 557-C: 744 m^2. (superficie neta: 702 m^2)

-Parcela 557-matriz: 862 m^2. (superficie neta: 702 m^2)

Expediente núm: 268/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 12.07.2011 (rex. entrada nº 6501), redactado polo técnico Juan C. Vilariño Santos, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

-Respectaranse os viais públicos existentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 240,00 €.

1.30. A D. ODÓN COBAS GARCÍA, en representación de **D. MANUEL AGUSTIN GAMALLO SINDE**, licenza para segregación (tres parcelas) da finca nº 978 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, situada en Mouromorto, segundo proxecto técnico redactado por Francisco Javier Bellett García.

Superficie finca matriz: 2.430 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 978-A: 704 m^2. (superficie neta: 606 m^2)

-Parcela 978-B: 736 m^2. (superficie neta: 638 m^2)

-Parcela 978-C: 990 m^2. (superficie neta: 696 m^2)

Expediente núm: 269/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 17.08.2011 (rex. entrada nº 7335), redactado por Francisco Javier Bellett García, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

-Respectaranse os viais públicos existentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 180,00 €.

1.31. A D. ODÓN COBAS GARCÍA, en representación de **D. MANUEL AGUSTIN GAMALLO SINDE**, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 964 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, situada en Mouromorto, segundo proxecto técnico redactado por Francisco Javier Bellett García.

Superficie finca matriz: 1.753 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 964-A: 846 m^2. (superficie neta: 740 m^2)

-Parcela 964-B: 907 m^2. (superficie neta: 800 m^2)

Expediente núm: 270/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 17.08.2011 (rex. entrada nº 7334), redactado por Francisco Javier Bellett García, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo

de expansión de núcleo N-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

1.32. A D. ODÓN COBAS GARCÍA, en representación de **D. MANUEL AGUSTIN GAMALLO SINDE**, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 958 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Calo, situada en Mouromorto, segundo proxecto técnico redactado por Francisco Javier Bellett García.

Superficie finca matriz: 2.280 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 958-A: 1.560 m^2 . (superficie neta: N-2: 617 m^2)
-Parcela 958-B: 720 m^2 . (superficie neta: 617 m^2)

Expediente núm: 271/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 17.08.2011 (rex. entrada nº 7333), redactado por Francisco Javier Bellett García, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 e solo rústico de protección forestal R-3 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

1.33. A Dª. MERCEDES RODRÍGUEZ MATEO, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 330-1 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Luou, situada en "Souto", Luou, segundo proxecto técnico redactado por Jesús Francisco Nieto Pais.

Superficie finca matriz: 2.940 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 330-1A: 733 m^2 . (superficie neta: N-2: 693 m^2)

-Parcela 330-1B: 2.207 m^2. (superficie neta: N-2: 697 m^2. Superficie en solo rústico 1.470 m^2)

Expediente núm: 272/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 17.08.2011 (rex. entrada nº 7325), redactado por Jesús Francisco Nieto Pais, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 e solo rústico de protección agropecuaria R-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.

-Respectaranse os viais públicos existentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

1.34. A Dª. JOSEFINA RODRÍGUEZ MATEO, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 330 do plano de concentración parcelaria da parroquia de Luou, situada en "Souto", Luou, segundo proxecto técnico redactado por Jesús Francisco Nieto Pais.

Superficie finca matriz: 2.940 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 330-A: 685 m^2 . (superficie neta: N-2: 645 m^2)

-Parcela 330-B: 2.255 m^2. (superficie neta: N-2: 645 m^2 + 1.570 m^2 en solo rústico)

Expediente núm: 273/11.

Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:

-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 17.08.2011 (rex. entrada nº 7326), redactado por Jesús Francisco Nieto Pais, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de expansión de núcleo N-2 e solo rústico de protección agropecuaria R-2 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-Respectaranse os viais públicos existentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

1.35. A D. ERNESTO PAZOS PULIÁN, licenza para segregación (dúas parcelas) da finca nº 301-2 de Raris, situada en Raris, nº 16, segundo proxecto técnico redactado por Brígida García Couto.

Superficie finca matriz: 1.652,90 m^2.

As parcelas resultantes que indica o proxecto presentado son:

-Parcela 301-2-A: 932,90 m^2. (superficie neta: 908 m^2)

-Parcela 301-2-B: 720,00 m^2. (superficie neta: 626,20 m^2)

Expediente núm: 274/11.
Autorízase o solicitado coas seguintes condicións:
-Segregarase de acordo co proxecto presentado o 13.10.2011 (rex. entrada nº 9916), redactado por Brígida García Couto, respectando as aliñacións e condicións da ordenanza de Solo de núcleo rural tradicional N-1 correspondente ao Plan Xeral do Concello de Teo e de acordo coa lexislación vixente.
-Axustará as edificacións a aliñaciónoficial do PXOM.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-. Taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: 120,00 €.

A) LICENZAS URBANÍSTICAS-PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.36.- Escrito presentado por **Dª. Mª CARMEN BUELA CRUCES,** de data 02.08.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 7011, no que solicita licenza de primeira ocupación.
Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 10.10.2011, o informe xurídico de Secretaría de data 04.11.2011, e demais documentos obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11) acorda, conceder a Dª. Mª CARMEN BUELA CRUCES, a LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (expte O-358-12/11), para unha vivenda unifamiliar, situada en Vilares de Rúa de Francos, nº 5, parroquia de Calo, segundo obras executadas en base á licenza municipal núm. 58/09, de data 02.03.2009.
A licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Apróbanse as seguintes liquidacións:
-Taxa pola expedición de licenza urbanística -primeira ocupación: 90,00 €.

B) LICENZAS URBANÍSTICAS-CAMBIO DE TITULARIDADE
TOMA DE COÑECEMENTO

1.37.- Dada conta do escrito asinado por D. CARLOS BECERRA DO EJO, de data 26.10.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 10530, no que solicita que na licenza urbanística nº 230/11, que lle foi concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17.10.2011, para construción dunha vivenda unifamiliar, en Casaldomiro, parroquia de Recesende, figure tamén a nome de Dª. Silvia Barreiro Alonso; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11) acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza urbanística nº 230/11, pasando a nome de **D. CARLOS BECERRA DO EJO e Dª. SILVIA BARREIRO ALONSO** (expte. CT-4/2011), debendo suxeitarse ás mesmas condicións baixo as que foi concedida a primitiva licenza.
O cambio de titularidade da licenza outorgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

2.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

LICENZAS DE APERTURA-DECRETO 133/08 PROVISIONAL.

2.1.- Visto o expediente instruido ao efecto por **D. MARCOS GONZÁLEZ COEGO,** en representación de **MÁRMOLES DANIEL G.L. S.L.U.** (AP-11/2011), para licenza de apertura/instalación dunha NAVE INDUSTRIAL destinada a serraría de pedra natural, granitos e mármores, na rúa Clara Campoamor, Montouto, parroquia de Cacheiras, e dada conta da Resolución de incidencia ambiental de data 17.10.2011 emitida polo Departamento Territorial de A Coruña- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11) acorda:

Primeiro.- Conceder a D. MARCOS GONZÁLEZ COEGO**,** en representación de MÁRMOLES DANIEL G.L. S.L.U., a **licenza provisional de actividade** para o establecemento dunha NAVE INDUSTRIAL destinada a serraría de pedra natural, granitos e mármores, na rúa Clara Campoamor, Montouto, parroquia de Cacheiras, condicionada a súa instalación ao cumprimento das seguintes medidas correctoras conforme á Resolución de incidencia ambiental de data 17.10.2011 emitida polo Departamento Territorial de A Coruña- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, para o expediente núm. CO/0311/2011:

-.Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado, así como tamén a torta resultante do proceso de decantación dos lodos.

-.Os residuos urbanos ou asimilables entregaranse ao Concello ou empresa adxudicataria da xestión de residuos municipais nas condicións fixadas nas correspondentes ordenanzas. No caso de que a entidade local xustificadamente obrigue á xestión dalgún tipo de residuo desta natureza á empresa, esta os xestionará a través de xestores autorizados de residuos sólidos urbanos.

-.Os residuos xerados durante as operacións de mantemento e reparación dos equipos, considéranse producidos pola empresa titular da actividade na que participan ditos equipos, polo que será a súa responsabilidade entregalos a xestor autorizado, que poderá ser a empresa de mantemento, sempre e cando esta, teña autorización como xestor de residuos ou coma transportista e entregando a xestor autorizado final.

-.Deberá inscribirse como pequeno produtor de residuos perigosos na Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente.

-.O almacenamento dos residuos non perigosos será por tempo inferior a dous (2) anos, se o seu destino é a valorización, e un (1) ano se é a eliminación.
-.Os residuos perigoros, deberán ser clasificados, envasados e etiquetados de acordo á lexislaciónvixente, evitando posibles derrames con equipos de contención, e serán entregados a xestor autorizado específico. Tempo de almacenamento inferior a seis (6) meses.
-.Todas as actividades descritas no proceso produtivo realizaranse exclusivamente no interior da nave e sempre coas portas pechadas.

Segundo.- **O exercicio da actividade non se poderá iniciar ata que non sexa concedida a licenza definitiva de actividade,** para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico responsable das instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

Terceiro.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correpondente ao epígrafe 244.1 por importe de: 562,31 euros.

Cuarto.- Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

LICENZA DE APERTURA –INÓCUA (SEN PUBLICACIÓN) PROVISIONAL.

2.2.- Dada conta do escrito presentado por **Dª. CRISTINA FERNÁNDEZ CID,** de data 22.09.2011, con rexistro de entrada no Concello núm. 9079, no que solicita licenza para o establecemento dun local comercial destinado a MERCERÍA, a emprazar en Travesia de Cacheiras, nº 62, baixo.

Visto o proxecto e documentación complementaria, redactados polo arquitecto técnico Antonio Jorge González: “Proxecto de rehacondicionamiento interior y expediente de actividad de local comercial destinado a mercería” e “Anexo al proxecto de rehacondicionamiento interior y expediente de actividad de local comercial destinado a mercería”, visados no colexio correspondente con datas 16.09.2011 e 14.10.2011.

Visto o informe favorable do técnico municipal de data 24.10.2011, o informe de Secretaría de data 04.11.2011 e demais documentación obrante no expediente.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da Alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Conceder a Dª. CRISTINA FERNÁNDEZ CID (expte. AP-15/2011) **licenza provisional de actividade** para o establecemento dunha MERCERÍA, en Travesia de Cacheiras, nº 62, baixo, segundo a documentación presentada o 22.09.2011 (rex. entrada nº 9079) e a documentación complementaria presentada o 18.10.2011 (rex. entrada nº 10167), facendo responsable ao propietario do uso e eficacia das medidas correctoras e debendo manter permanentemente as condicións adecuadas que garantan o funcionamento da actividade.

Segundo.- **O exercicio da actividade non se poderá iniciar ata que non sexa concedida a licenza definitiva de actividade,** para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar neste concello, a cal deberá ser favorable, xuntando á petición certificado do técnico responsable das instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

Terceiro.- Aprobar a liquidación dos dereitos devengados polo expediente, correspondente ao epígrafe 651.4 por importe de: 40,43 euros.

Cuarto.- Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

3.-DEVOLUCION DE AVAIS URBANÍSTICOS.

3.1. DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO DA EMPRESA "LAR DE INSUA, SL".

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 04/11/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 28/09/2011 (nº RE 9296) por D. Ricardo Rodríguez Barbeito, en representación da sociedade LAR DE INSUA S.L., con CIF B70016787, por medio da cal solicita a devolución do aval constituído para cubrir os posibles danos en bens e servizos públicos derivados da realización das obras:

-Modificación de catro vivendas a construír sobre as fincas nº 486 e 487 de Insua, parroquia de Luou, expedientes 65, 66, 68 e 69 do ano 2005, que foron concedidas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 09/02/2005, adaptándoas á finca e cambio de titularidade a nome de LAR DE INSUA, S.L. (licenza nº 417/05)

Visto o informe favorable á devolución, formulado polo Arquitecto Técnico Municipal Luis Javier Castro Martínez, de data 24/10/2011, e téndose comprobado a existencia de dita garantía na Tesouraría Municipal,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar a cancelación do aval nº 2096 0570 78 da entidade Caja España de Inversiones, Cajas de Ahorros y Monte de Piedad, presentado por D.ª Teresa-Jesús Molino Pizarro, con NIF 34983076-F como garantía por importe de 23.407,92 €, correspondente ao expediente de licenza nº 417/05, da obra "Modificación de catro vivendas a construír sobre as fincas nº 486 e 487 de Insua, parroquia de Luou, expedientes 65, 66, 68 e 69 do ano 2005, que foron concedidas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 09/02/2005, adaptándoas á finca e cambio de titularidade a nome de LAR DE INSUA, S.L. (licenza nº 417/05)" e a súa devolución á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesouraría Municipal aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación do aval nº 2096 0570 78 da entidade Caja España de Inversiones, Cajas de Ahorros y Monte de Piedad, presentado por D.ª Teresa-Jesús Molino Pizarro, con NIF 34983076-F como garantía por importe de 23.407,92 €, correspondente ao expediente de licenza nº 417/05, da obra "Modificación de catro vivendas a construír sobre as fincas nº 486 e 487 de Insua, parroquia de Luou, expedientes 65, 66, 68 e 69 do ano 2005, que foron concedidas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 09/02/2005, adaptándoas á finca e cambio de titularidade a nome de LAR DE INSUA, S.L. (licenza nº 417/05)" e a súa devolución á interesada.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesouraría Municipal aos efectos oportunos.

3.2. DEVOLUCIÓN DE AVAL URBANÍSTICO DE D. MANUEL OTERO MOSQUERA.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 04/11/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 11/08/2011 (nº RE 7239) por D. Manuel Otero Mosquera, con NIF 33071088D, por medio da cal solicita a devolución do aval constituído polas obras:

-Construcción dunha vivenda unifamiliar lo lugar Travesía de A Ramallosa nº 1, Lucí, Teo (licenza nº 313/08).

Visto o informe favorable á devolución, formulado polo Arquitecto Técnico Municipal Luis Javier Castro Martínez, de data 27/10/2011, e téndose comprobado a existencia de dita garantía na Tesouraría Municipal,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Autorizar a cancelación do aval nº 1158-703 da entidade Banco Popular Español, S.A., presentado por D. Manuel Otero Mosquera, con NIF 33071088D, como garantía por importe de 3.043,08 €, correspondente ao expediente de licenza nº 313/08, da obra "Construcción dunha vivenda unifamiliar lo lugar Travesía de A Ramallosa nº 1, Lucí, Teo" e a súa devolución ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesouraría Municipal aos efectos oportunos.".

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Autorizar a cancelación do aval nº 1158-703 da entidade Banco Popular Español, S.A., presentado por D. Manuel Otero Mosquera, con NIF 33071088D, como garantía por importe de 3.043,08 €, correspondente ao expediente de licenza nº 313/08, da obra "Construcción dunha vivenda unifamiliar lo lugar Travesía de A Ramallosa nº 1, Lucí, Teo" e a súa devolución ao interesado.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Urbanismo así como á Tesouraría Municipal aos efectos oportunos.

4.- ANULACIÓN DE LIQUIDACIÓN DE ICIO TELEFÓNICA SAU.

Dase conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 04/11/2011 que se recolle a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o recurso de reposición interposto en data 21/09/2011 (nº RE 9.026) por Telefónica de España, S.A.U., contra a liquidación tributaria por importe de 60 € aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 22/08/2011, en concepto de taxa pola expedición de licenza para obras de construcción de canalización para instalación telefónica con arqueta e instalación de armario, na pista situada en Cachóns, segundo plano de situación, parroquia de Oza (expediente nº 199/11), alegando o especial sistema de tributación regulado na Lei 15/1987, de 30 de xullo, de Tributación da Compañía Telefónica de España, así como no Real Decreto 1334/1988, de 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a lei anteriormente mencionada.

Considerando o establecido no artigo III da Lei 15/1987, segundo o cal *"respecto dos tributos locais, a Compañía Telefónica de España estará suxeita ao imposto sobre bens inmobles correspondente aos bens de natureza rústica e urbana da súa titularidade, con arranxo á Lexislación Tributaria do Estado e ás normas reguladoras de dito imposto*", así como no artigo IV, que sinala que *"polo que se refire aos restantes tributos de carácter local e aos prezos públicos da mesma natureza, as débedas tributarias ou contraprestacións que pola súa exacción ou esixencia poidesen corresponder á Compañía Telefónica de España substitúense por unha compensación en metálico de periodicidade anual. Dita compensación será satisfeita trimestralmente pola Compañía Telefónica Nacional de España aos Concellos e deputacións provinciais, na forma que regulamentariamente se determine, e consistirá nun 1,9 % dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteña en cada termo municipal..."*.

Tendo en conta o sinalado no artigo 21.5 da Lei 50/1998, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, segundo o cal "*as referencias á Compañía Telefónica Nacional de España contidas na Lei 15/1987 (.....), así como no Real Decreto 1334/1988 (...), entenderanse realizadas á empresa do Grupo Telefónica á que, no seu caso, lle foran, ou se sexa transmitida a Concesión para a prestación dos servizos de telecomunicación establecida no Contrato de Concesión entre o Estado e Telefónica de data 26 de decembro de 1991*."

Tendo en conta que en data 19/09/2011 a empresa Telefónica de España, S.A.U. ingresa en conta municipal o importe de 60 € correspondente á liquidación tributaria en concepto de taxa pola expedición de licenza urbanística (expediente nº 199/11).

Visto o informe da intervención municipal, segundo o cal procedería a anulación da liquidación practicada e a devolución do importe abonado á empresa interesada.

En virtude do exposto e de acordo cos artigos 14 do TRLRFL, 216 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como os artigos 17 e seguintes do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por Telefónica de España, S.A.U contra a liquidación tributaria por importe de 60 € en concepto de taxa polo outorgamento de licenza urbanística (expediente nº 199/11), e en consecuencia anular a devandita liquidación tributaria.

Segundo.- Recoñecer a Telefónica de España, S.A.U o dereito á devolución de ingresos indebidos polo concepto tributario taxa por expedición de licenza urbanística, por importe de 60 €, e en consecuencia determinar como suxeito titular do dereito á devolución á mesma.

Terceiro.- Notificar o presente á interesada, así como á Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos."

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes e por delegación da alcaldía (Resolución 410/11), acorda:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición interposto por Telefónica de España, S.A.U contra a liquidación tributaria por importe de 60 € en concepto de taxa polo outorgamento de licenza urbanística (expediente nº 199/11), e en consecuencia anular a devandita liquidación tributaria.

Segundo.- Recoñecer a Telefónica de España, S.A.U o dereito á devolución de ingresos indebidos polo concepto tributario taxa por expedición de licenza urbanística, por importe de 60 €, e en consecuencia determinar como suxeito titular do dereito á devolución á mesma.

Terceiro.- Notificar o presente á interesada, así como á Intervención e Tesouraría municipais aos efectos oportunos.

5.-PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Dase conta do comunicado enviado pola coordinadora de traballadores/as de Normalización Lingüística, do 06.10.2011, no que solicitan o apoio formal do Concello de Teo, e que se transcribe a continuación:

"**En defensa do traballo xusto e ilusionante dos servizos de normalización lingüística (SNL)**
Os/as técnicos/as de normalización lingüística dos concellos galegos, e no seu nome a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), ante a situación xeral do proceso de fomento do galego e dos servizos de normalización lingüística (SNL), temos que expresar:

- Os servizos de normalización lingüística (SNL) son os departamentos que desenvolven o traballo técnico de cara a avanzar no consensuado proceso de normalización da lingua galega. Un traballo necesario, xusto e ilusionante de fomento do galego no nivel de contacto máis directo coa cidadanía. Os SNL contribúen a difundir do xeito máis próximo entre a poboación, por exemplo, as creacións culturais galegas, desenvolven accións de dinamización e fomento da lingua, achéganlle á poboación máis nova alternativas de lecer en galego, difunden e xestionan os cursos de formación en lingua galega, velan pola calidade lingüística e comunicativa das institucións, velan pola garantía dos dereitos lingüísticos, difunden materiais, recursos e servizos en lingua

galega, procuran a formación lingüística dos/as traballadores/as públicos/as e da cidadanía en xeral, ofrécenlles asesoramento lingüístico a empresas e asociacións, etc.

- Aínda que a situación actual dos SNL é moi precaria e, polo tanto, moi mellorábel, chegar a ela significou un proceso de anos que non podemos botar por terra. Por iso, para non desbotar o conseguido até agora e para procurar mellorar a situación, cómpre o compromiso de todas as entidades públicas, que nun momento de dificultade económica como o que estamos a vivir non poden caer na irresponsabilidade de desprotexer o noso maior patrimonio común, a lingua galega.

- A Xunta de Galicia suspendeu as axudas ao fomento do galego nos concellos, e isto non é, desgrazadamente, un feito puntual, xa que se enmarca nunha política de minorización e desprestixio da lingua galega por parte do goberno que debe ser freada canto antes. Esta irresponsábel decisión da Xunta supón a paralización e redución de múltiples actividades de dinamización por parte dos concellos e, polo tanto, unha redución de servizos e actividades dirixidas á cidadanía. Ademais, é incoherente que a SXPL leve dous anos anunciando e publicitando unha non nata Rede de Dinamización Lingüística local para, supostamente, apoiar e colaborar coas entidades locais na promoción da lingua, ao mesmo tempo que lles retira a estas entidades as xa moi escasas e precarias axudas que se veñen convocando desde hai 20 anos, e que, polo tanto, se provoque o peche de servizos de normalización lingüística e a non creación doutros novos.

- A situación dos departamentos técnicos de normalización lingüística dos concellos é moi grave. Dos arredor de 60 existentes, a metade permanecen abertos dependentes do convenio de colaboración que a Deputación da Coruña mantén con concellos da súa provincia. Se nalgún momento a Deputación da Coruña decide reducir eses convenios, a metade dos SNL do país estarán en grave perigo de desaparición.

- Todo isto demostra a situación de precariedade e inestabilidade total, o que nos leva a reiterar a proposta dun outro modelo de organización dos servizos de normalización lingüística na procura da planificación territorial e a estabilidade, de tal xeito que se cree unha estrutura real e coordinada de servizos técnicos para a normalización lingüística que abranga o conxunto do país e que, polo tanto, sexa máis eficiente, consiga mellores resultados e rendibilice mellor os recursos públicos. Neste sentido, a CTNL reitera a súa proposta de coordinación de SNL, agrupados nun consorcio interadministrativo, con unidades técnicas multidisciplinares a nivel comarcal.

- Por estas razóns, dirixímonos á Xunta de Galicia e a diversas entidades para que coñezan esta situación, e á Real Academia Galega, ao Consello da Cultura Galega, ao Instituto da Lingua Galega, aos departamentos de galego das tres universidades e a diversas entidades privadas de defensa da lingua para solicitarlles que apoien este comunicado e as solicitudes que contén.

- E dirixímonos tamén a todos os concellos galegos para solicitarlles que apoien e aproben as seguintes resolucións:

1. Demandámoslle á Xunta de Galicia que asuma a competencia de impulsar e coordinar os servizos de normalización lingüística (SNL) e de colaborar co fomento do uso do galego nos concellos, para o que debe dedicar os suficientes recursos económicos e materiais de xeito estábel. Solicitamos, pois, que se cree unha estrutura real e coordinada de SNL que abranga o conxunto do país, para o que se propón como posibilidade a figura dun consorcio interadministrativo.

2. Instamos á Xunta de Galicia e a todas as entidades públicas galegas a que adquiran o compromiso real de fomentar o uso e prestixio da lingua galega, con prácticas coherentes con ese compromiso e coa posta en marcha de medidas decidas e eficaces na procura da normalización lingüística. O noso concello tamén adquire este compromiso.

3. Comprometémonos a procurar acadar a partir de 2012 a porcentaxe do 0,3% do orzamento xeral do concello para o fomento da lingua galega, investindo estes recursos en servizos técnicos para planificar e xestionar o proceso de normalización lingüística, e en accións de fomento do galego no municipio.

4. Solicitámoslle á Xunta de Galicia que tamén adquira ese compromiso e que, polo tanto, tamén procure acadar a porcentaxe do 0,3% do seu orzamento a partir de 2012 para o fomento da lingua galega, investindo ese orzamento nunha estrutura de SNL coordinada que planifique e xestione o proceso, e en accións dinamizadoras do galego no conxunto da sociedade, e que o faga de xeito planificado, coordinado e colaborativo con outras entidades e administracións públicas, para así investir eses escasos recursos dispoñíbeis do xeito máis eficiente posíbel. “.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

1. Demandarlle á Xunta de Galicia que asuma a competencia de impulsar e coordinar os servizos de normalización lingüística (SNL) e de colaborar co fomento do uso do galego nos concellos, para o que debe dedicar os suficientes recursos económicos e materiais de xeito estábel. Solicitamos, pois, que se cree unha estrutura real e coordinada de SNL que abranga o conxunto do país, para o que se propón como posibilidade a figura dun consorcio interadministrativo.

2. Instar á Xunta de Galicia e a todas as entidades públicas galegas a que adquiran o compromiso real de fomentar o uso e prestixio da lingua galega, con prácticas coherentes con ese compromiso e coa posta en marcha de medidas decidas e eficaces na procura da normalización lingüística. O noso concello tamén adquire este compromiso.

3. Comprometerse a procurar acadar a partir de 2012 a porcentaxe do 0,3% do orzamento xeral do concello para o fomento da lingua galega, investindo estes recursos en servizos técnicos para planificar e xestionar o proceso de normalización lingüística, e en accións de fomento do galego no municipio.

4. Solicitar á Xunta de Galicia que tamén adquira ese compromiso e que, polo tanto, tamén procure acadar a porcentaxe do 0,3% do seu orzamento a partir de 2012 para o fomento da lingua galega, investindo ese orzamento nunha estrutura de SNL coordinada que planifique e xestione o proceso, e en accións dinamizadoras do galego no conxunto da sociedade, e que o faga de xeito planificado, coordinado e colaborativo con outras entidades e administracións públicas, para así investir eses escasos recursos dispoñíbeis do xeito máis eficiente posíbel.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria dou fe.

O alcalde — A secretaria

Martiño Noriega Sánchez — Virginia Fraga Díaz

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 21 DE NOVEMBRO DE 2011 -

